

# Índice

<a href="#">Memoria Equipo Directivo</a>	2
<a href="#">Memoria Ensino Infantil</a>	4
<a href="#">Memoria Primeiro Ciclo</a>	9
<a href="#">Memoria Segundo Ciclo</a>	13
<a href="#">Memoria Terceiro Ciclo</a>	16
<a href="#">Memoria Departamento de Orientación</a>	18
<a href="#">Memoria Pedagogía Terapéutica</a>	23
<a href="#">Memoria Audición e Linguaxe</a>	26
<a href="#">Memoria Educación Física</a>	29
<a href="#">Memoria Educación Musical</a>	31
<a href="#">Memoria Lingua Inglesa e programa de anticipación</a>	32
<a href="#">Memoria Educación Relixiosa</a>	36
<a href="#">Memoria Equipo de Normalización</a>	37
<a href="#">Memoria de Actividades Complementarias e Extraescolares</a>	40
<a href="#">Memoria do Comedor</a>	44

# Anexos

Memoria PLAMBE

Memoria Axenda 21

Listaxe de libros de texto

## Memoria do Equipo Directivo

Este ano académico estivo marcado pola ampliación do colexio, que aumentou en cinco aulas, 3 para pequeno grupo e 2 de gran grupo, o que trouxo unha serie de modificacións na distribución dos espazos.

A primeira consecuencia foi a ampliación da biblioteca ao se xuntar coa aula de música. No primeiro andar, enriba da zona de infantil, instalouse unha zona de aulas especializadas: música, lingua estranxeira e informática.

Na nova zona de ampliación instalamos, a máis de dúas aulas ordinarias ocupadas por cuarto curso, unha aula de PT, unha de Lingua e Cultura Portuguesa partillada con apoios, e outra que serve de almacén

de recursos educativos e de aula de desdoblamento, aínda que tamén ocupa parte do seu horario como aula de PT. Todo isto é debido ás grandes demandas que ten o colexio de aulas de PT, que aínda coa ampliación e a dotación de persoal coa que contamos, non dá satisfeito as nosas necesidades.

Sinalar que como as obras de ampliación se fixeron tras a instalación da rede informática, esta zona de ampliación carece de acceso á internet, que si ben se solventou coa instalación dunha rede wifi, esperamos que en breve poida contar coa mesma dotación que o resto do centro.

De acordo ao establecido no PXA, durante este curso tiñamos coma obxectivos continuar co proceso de adaptación á LOE; nese sentido tiñamos que abordar a elaboración dunha serie de documentos que han regular boa parte da nosa vida escolar. Así durante o curso elaboráronse as programacións de 2º ciclo de ensino primario, a máis outros documentos como son o plan de orientación, o plan de acollida, o de atención á diversidade e o de convivencia.

En relación aos planes, sinalar que algúns destes documentos aínda están en fase de discusión e mellora, pero esperamos telos aprobados e en marcha no vindeiro curso escolar.

O proceso de elaboración consistiu nun principio en subir os borradores, elaborados por equipos redactores coa colaboración dos ciclos, á páxina web do colexio, co fin de que puidesen estar accesibles para a súa consulta e discusión por toda a comunidade educativa.

Tras o debate sobre cada un e facer as modificacións que se acordan, volveremos subir o documento definitivo.

En canto ás programacións de ciclo este ano correspondeulle a súa quenda ao 2º ciclo de primaria, que ao longo de todo o curso, e usando un espazo de tempo dentro das reunións do equipo de ciclo, foron realizándoas Segundo a nova lexislación educativa.

Tamén un Proxecto de Formación en Centros, continuación doutros similares realizados en cursos pasados, permitiu ir pechando con criterios unitarios programacións didácticas LOE das distintas materias, introducindo as competencias básicas e criterios de avaliación.

Como se sinalaba no plan xeral deste curso continuamos apostando polo medio ambiente e o fomento da lectura.

No apartado de medio ambiente a parte de continuar cos traballos realizados en cursos pasados, o comité ambiental do centro foi ampliando as súas dinámicas a máis aspectos da vida escolar, e asemade participar, como xa é habitual, no concurso medio ambiental de Voz Natura. O profesorado ten participado en formación, así como o alumnado do




comité ambiental, e constituíse un grupo de traballo para desenvolver as súas actividades. Con respecto da biblioteca sinalar que se continúa dentro do PLAMBE, que se ampliou, aproveitando a construción de novas aulas no centro, o espazo físico da biblioteca pasando de 50 a 100 m<sup>2</sup>, e que se reordenaron os fondos facilitando enormemente a súa accesibilidade para os usuarios. Tamén conseguimos aumentar a luminosidade, a amplitude e a comodidade deste espazo, o que resulta moi agradable para o alumnado. Con todo cómpre renovar mobiliario, crear unha zona de audiovisuais, dotar de máis recursos informáticos...

A nivel das TICs creamos unha zona no baixo do edificio, preto da sala de mestres, para traballo do profesorado con 5 ordenadores portátiles, scanner e impresoras. Tamén toda a zona administrativa conta cunha rede wifi, que permite a conexión sen limitacións de cables.

No mesmo sentido seguimos traballando na actualización da nosa web, na que se ofrecen á comunidade educativa a consulta dos documentos do centro (plans, proxectos, equipamentos...), recursos educativos elaborados polo equipo de apoio á biblioteca, a actualidade do Blogue e informacións varias.

Usámola tamén, como xa se comentou anteriormente, para a lectura e a discusión dos borradores dos diversos traballos que imos realizando, evitando deste xeito a edición en papel dos documentos, seguindo a filosofía de aforro de recursos da Axenda 21.

Por último sinalar que as necesidades horarias do colexio contrastan co acordo de redución de xornada pactada entre administración e sindicatos, xa que para o curso que vén tería que reducirse unha hora lectiva máis para acadar as catro pactadas do acordo. No noso caso esta redución levaría a non dispor de máis que 15 horas semanais para gardas de substitucións, isto é, que non acadásemos ter nin sequera un mestre de garda en cada unha das 25 horas semanais. Loxicamente nestas condicións e sen un aumento da nómina de empregados do centro (cumprirían dous traballadores máis para cubrir as 35 horas resultantes da redución da xornada) resulta completamente imposible acometer unha reforma dos horarios de traballo que cumpra cos requisitos do acordo sindical.



# Memoria de ensino infantil

## Compoñentes do ciclo

Rosa Pardo Capón (titora 3 anos)  
Marta Moreira Graña (titora 3 anos)  
Cristina Delgado Delgado ( titora 4 anos).  
Gisela García Ron ( titora 4 anos, Coordinadora)  
Ana Modesta Martínez Fernández ( titora 5 anos)  
Purificación Yebra Fernández (titora 5 anos)  
Yolanda Macías Rodríguez (profesora de apoio)  
Sonia González González (profesora de apoio e psicomotricidade)

## Outros profesores:

Nuria Brandín (profesora de inglés)  
Miguel Ángel Remigio (profesor de música)  
Natalia Longo (Orientadora).  
M<sup>a</sup> Carmen Fernández (profesora de A. L.)  
M<sup>a</sup> Carmen Redondo (profesora de A.L.)  
Emilia María Anta (profesora de P.T.)  
Estrela Cerneira (profesora de P.T.)

## Plan de adaptación.

Seguimos co plan de adaptación, para 3 anos, vixente dende hai anos, polos bos resultados constatados de cursos anteriores e mesmo do presente , e a boa acollida que ten por parte dos pais. Este plan realizarase durante o mes de Setembro do 2009.

Como no curso anterior os nenos/as das aulas de 5 anos, que, para o ano, pasan a 1º de Primaria tiveron un primeiro contacto coas profesoras do ciclo e as aulas nas que, previsiblemente, estarán no vindeiro curso escolar.

## Agrupamento do alumnado.

- 1 aula de 3 anos ( 16 nenos/as)
- 1 aula de 3 anos ( 17 nenos/as)
- 1 aula de 4 anos ( 16 nenos/as ).
- 1 aula de 4 anos ( 18 nenos/as ).
- 1 aula de 5 anos ( 24 nenos/as ).
- 1 aula de 5 anos ( 25 nenos/as ).

## Calendario das reunións realizadas e temas tratados.

As reunións realizáronse os mércores en horario de 13:30 a 14:30 do serán, e os principais temas abordados nelas foron os seguintes:

- Período de Adaptación do presente curso: Elaboración das listas de entrada para os nenos/as de novo ingreso, programación das entrevistas individualizadas cos pais/nais e preparación da reunión de pais/nais de alumnado de novo ingreso
- Repaso da programación dos obxectivos xerais que se pretenden acadar por trimestre.
- Listado das necesidades de material de uso común, e por aulas.



- Organización da participación do ciclo nas actividades complementarias e extra-escolares que se relatan no apartado correspondente.
- Deseño de actividades que impliquen a participación dos pais/nais.
- Durante este curso pensamos a necesidade de realizar **reunións cos mestres/as do 1º ciclo**, para garantir unha coordinación entre os dous ciclos. Así se realizou unha reunión, pero consideramos fundamental continuar con elas no próximo curso , tentando realizar como mínimo **unha por trimestre**.
- Programación do Período de Adaptación do curso que vén
- Necesidades cara o curso que vén.
- Realización da memoria.

### Consecución dos obxectivos xerais de ciclo

A avaliación dos obxectivos formulados en Ensino Infantil faise a través da observación sistemática (recurso básico ) dunha serie de aspectos que nos permiten ter un control do alumnado nos distintos momentos. Para realizala é indispensable dispoñer de pautas apropiadas e planificar e prever a situación na que se van formular. Ademais tamén nos baseamos en:

- traballos individuais dos nenos/as;
- comportamento social;
- progresos que van facendo;
- adquisición de hábitos.

Ao mesmo tempo tentouse avaliar a cada alumno/a tendo en conta o seu estilo de aprendizaxe: lento, reflexivo, impulsivo,...Non se trata de modificar a programación proposta para o grupo, pero si de ter en conta o feito de que o alumno/a é diverso á hora de aprender e o punto de partida da cada un.

Unha vez ao trimestre mandóuselle ós pais un boletín que recollía a progresión das aprendizaxes do alumnado. Con certa periodicidade se informaba aos pais dos traballos que se ían facendo diariamente na aula sobre a unidade didáctica/Proxecto que se estaba traballando.

Por variados motivos houbo nenos/as que non acadaron os obxectivos, facéndose con eles ó longo do curso un labor de apoio e reforzo na propia aula. De tódolos xeitos a evolución foi positiva tendo en conta o punto de partida, aínda que non se acadou o mesmo nivel que con outros nenos/as.

### Dificultades atopadas e necesidades cara o ano que ven

-Grupos de nenos moi numerosos e cunha deficiencia na madurez lingüística notoria que non poden ser atendidos de inmediato polo proceso que trae de seu o seu descubrimento e posterior diagnóstico e pola falta de dispoñibilidade de profesorado.

- Chegada de alumnado estranxeiro, o que require unha adaptación/preparación para este feito.

-Diversos escolares con dificultades na lingua oral, polo que é preciso profesorado especialista en Audición e linguaxe.

### Necesidades

- Dentro do período de adaptación dos nenos/as de 3 anos, consideramos importante salientar:
  - A creación como ciclo conxunto de **actividades de aula estimulantes** e que recollan o tratamento afectivo neste período tan importante, estas actividades estarían enfocadas a crear un clima de confianza dende o primeiro día.
  - Realizar unha maior colaboración-información durante este período entre escola-familia.

- Tamén pareceríanos importante que existira unha maior apertura do centro aos pais/nais dende a Ed. Infantil, xa que este ano realizáronse algunhas actividades de colaboración, pero non foron moitas, nin todos os cursos da Ed. Infantil as realizaron.
- Para o próximo curso escolar xa estará vixente o novo currículo da Ed. Infantil baseado na LOE, polo que sería conveniente que dende inicios de curso traballáramos sobre el, sempre conxuntamente dende todo o ciclo, establecendo unhas bases comúns (de metodoloxía, obxectivos a acadar,...), que aportaría coherencia e significatividade ao ciclo.
- Tamén consideramos fundamental traballar conxuntamente por unhas **NORMAS** comúns para todo o ciclo, ámbito comezado neste curso, no que aínda queda moito por facer.
- Resultaría esencial concretar as funcións e traballo das mestras de apoio, xa que consideramos que tanto os especialistas como as 2 mestras de apoio deberían realizar un traballo conxunto-compartido cos titores aos cales apoian. Así sería posible crear o escenario axeitado que axudara ao enriquecemento de experiencias, xuntando esforzos e realizando **PLANS CUN OBXECTIVO CLARO**: a educación para a vida.
- Para axudar máis ao traballo conxunto e de grupo, consideramos imprescindible continuar as reunións co 1º ciclo da Ed. Primaria, establecendo como mínimo unha reunión por trimestre.

#### **Necesidades de carácter material son:**

- **Modificar o patio de recreo** de Ed. Infantil, engadindo xogos con material homologado para “ Parques Infantís”. Dentro do patio sería tamén moi importante **decoralo** para crear un ambiente máis agradable e con mellor aparencia, xa que nestes momentos amósase moi descoidado. Propoñemos pintar algúns motivos nas paredes, no chan, así como pintar de diversas cores a cancela do areeiro.
- Poñer céspede no patio de recreo pegado á parte traseira da casaña. Esta zona podería aproveitarse para situar: un pequeno horto, zona de xogo simbólico (por exemplo con rodas de camións pintadas de cores),...
- Consideramos de vital importancia unha **urxente actualización dos baños**, xa que é preciso garantir unha hixiene mínima para o correcto desenvolvemento da práctica educativa.
- De novo solicitamos vernizar o chan das aulas de Infantil que así o precisen.

#### **Aproveitamento dos medios e recursos didácticos.**

Como tódolos anos a importancia que lle damos á manipulación e á experimentación cos materiais por parte do propio neno/a, un tempo de preparación e programación está adicado a distribución e catalogación por idades e necesidades deste material. Así mesmo parécenos moi importante a elaboración e transformación de material a partir do material de refugallo.

Por iso é un dos recursos didácticos que utilizamos e que nos axuda a conectar o entorno e a escola.



O material, aínda que pertence a unha aula determinada, compártese entre todas em función das necesidades e da súa idoneidade para a idade dos nenos/as.

Outros materiais utilizados son as cassettes, Cds, a fotocopiadora, o vídeo, prensa,

ordenadores,... algún destes materiais son utilizados de forma compartida polo centro.

Para a Psicomotricidade os nenos/as usan material específico que se atopa recollido na Aula de Psicomotricidade habilitada a tal efecto.

Destacaremos aquí o afianzamento do uso da biblioteca polos nenos/as de 5 anos que de xeito autónomo acudían para levar en préstamo os contos que logo lían na casa.

Os martes na hora de titoría artellase un contacontos o que poden acudir os nenos/as de 3, 4 e 5 anos acompañados polos seus pais/nais para escoitalo e poder coller libros. Tamén dentro das aulas empréganse materiais TIC diversos como un recurso máis dentro do traballo cotiá da aula.

Valórase positivamente os resultados obtidos polo motivador da actividade.

### Actividades conxuntas realizadas dentro do ciclo

Elaboración de diversas **exposicións** referidas a temas concretos: murais do Samaín, exposición de produtos do outono, entroido, debuxos e elaboracións de murais..

**Festas e celebracións** conxuntas de todo o ciclo de Ed. Infantil: “O Samaín”, “A graduación dos nenos e nenas de 5 anos”, ...

**Cine** no salón de actos sobre temas concretos traballados en todo o ciclo para apoiar/estimular o traballo realizado dentro das aulas: o Samaín, o nadal, “A Convivencia-Cholo e Nela”...

Traballos relacionados coas unidades/proxectos, cos acontecementos e festividades (a bolsiña do magosto, a coroa da castaña,...)

### Actividades complementarias realizadas.

Durante este curso participouse en tódalas actividades complementarias que se fixeron conxuntamente como así consta na Memoria de Actividades Extraescolares e complementarias.

A parte delas fixéronse outras actividades complementarias como son: Participación no Samaín, Magosto, festival de Nadal, Entroido, día da Paz, elaboración de actividades para a celebración das Letras Galegas ( A busca do tesouro, xogos populares, teatro...)

Saídas:

- Visita ao Supermercado (“Eroski” 3 anos)
- Visita ao Parque de Bombeiros da Rúa (4 anos)
- Visita á exposición sobre “O río” na sala de exposicións Caixanova (4 anos)
- As familias contan historias (4 anos)
- Visita ao Instituto Lauro Olmo para ver diversas máquinas (5 anos)
- Visita á biblioteca do Barco de V. (3, 4 e 5 anos)
- Teatro musical na Casa da Cultura (3, 4 e 5 anos)
- Programa de Nutrición (3, 4 e 5 anos)
- Obras de teatro do Día das Letras Galegas, realizado polos nenos/as de Primaria (3, 4 e 5 anos)
- Poemas do Día das Letras Galegas, realizado polos nenos/as de Primaria (3, 4 e 5 anos)



- Participación das seis unidades de Ensino Infantil na XII Convivencia de Educación Infantil realizada o día 18 de maio en Montederramo
- Actividades de animación á lectura con diversos contacontos en varias ocasións ao longo do curso.
- Graduación dos nenos/as de 5 anos
- Festa fin de curso no ciclo organizada pola AMPA.

A maior parte destas actividades resultaron moi bonitas e enriquecedoras para os nenos/as. Esperamos, dun modo ou outro, darlle continuidade no próximo curso.

### Valoración do programa de anticipación da primeira lingua estranxeira

Durante o curso escolar 2007/08 impartíronse clases de inglés en Ensino Infantil de 3, 4 e 5 anos, a razón de dúas sesións de 30 minutos de duración.

Para acadar os obxectivos previstos, levouse a cabo unha metodoloxía motivadora e lúdica, partindo sempre dos intereses do alumnado.

A consecución dos obxectivos foi positiva, así como o interese que o alumnado amosou ó longo do curso.

### Valoración da liña en galego

Durante este curso 2007/08 tivemos unha liña en galego, acolléndonos á convocatoria que para a creación destas liñas en contornos castelán falantes ditou a Consellería de Educación

O longo do curso escolar, utilizouse como lingua de relación o galego, e igualmente nesta lingua estaba a maioría do material impreso. Non obstante garantiuse en ámbalas dúas liñas (galega e castelán) o coñecemento do vocabulario de cada tema nas dúas linguas. A valoración xeral desta nova experiencia levada a cabo no noso colexio foi moi positiva, xa que consideramos que os nenos/as acadaron, en boa medida, os obxectivos propostos.

# Memoria primeiro ciclo de primaria

## Compoñentes do ciclo:

Titora 2º A: Rosa Varela Gómez.  
Titora 2º B: Aurea Ochoa Ochoa (Coordinadora).  
Titora 1º B: María Encarnación Moldes Cobelas.  
Titora 1º A: María del Carmen García Fernández.  
Relixión: Nicolás Martínez Asenjo.  
Música: Xoaquin Freixeiro Alvarez.  
Lingua estranxeira: Nuria Brandín Pérez  
Educación Física: Pilar Santas Rodriguez.  
Departamento de Orientación: Natalia Longo González.

## Reunións e temas tratados

As reunións tiveron lugar os mércores de cada semana,( non sendo cando tiñamos reunión xeral) en horario de 13:30 a 14:30 na aula de 2ºB.

Os temas tratados e consensuados nas mesmas foron:

- Elaboración e aprobación dos obxectivos xerais para o curso 2008-2009 que constan na PXA.
- Elaboración de mapas conceptuais das distintas unidades.
- Horarios para baixar ás distintas actividades de biblioteca. Traballo de lectura na biblioteca e na aula. Lectura silenciosa: Formas de levala a cabo.
- Determinación dos obxectivos mínimos do ciclo.
- Aportes, discusións e suxestións en relación ao plan de Convivencia do Centro.
- Reunión ao inicio do curso cos pais/nais, tratándose os seguintes temas:
  - Hixiene xeral dos nenos/as, normas básicas de alimentación e descanso.
  - Posta o día dos datos telefónicos.
  - Esixencia de puntualidade e asistencia ao centro, e a obriga de comunicar e xustificar as faltas ao titor/a.
  - Traballo persoal do alumno/a na casa, co seu carácter voluntario e non obrigado.
  - Suxestión da conveniencia de controlar os horarios de televisión,e a recomendación de que lles lean e fagan ler contos axeitados a súa idade, así como a ocupación do tempo de lecer con xogos apropiados e educativos.
  - Información do funcionamento dos apoios organizados dende o departamento de Orientación.
- Participación nas actividades complementarias e extraescolares.
- Coordinación cos mestres titores e o resto dos profesores que imparten clases no ciclo.
- Conveniencia de recordar as normas de comportamento e disciplina. Insistencia na importancia de combater a agresividade.
- Posta en común cara as avaliacións e os criterios das mesmas.

## Actividades dentro do centro

Os compoñentes do Ciclo participaron este ano nas seguintes actividades:

- Equipo de Biblioteca.
- Proxecto de formación.
- Axenda 21.
- Equipo de Normalización Lingüística.

Fixéronse todas aquelas actividades que o equipo considerou oportunas para acadar os obxectivos establecidos:

- Elaboración de carteis, murais, mapas conceptuais.. en relación as unidades didácticas estudadas.
- Utilización do ordenador polos nenos/as con actividades complementarias a os temas estudados nas aulas, os cales relacionamos de forma directa cos distintos centros de interese.



- Participación nos Clubs de lectura.
- Actividades de formación de usuarios co bibliotecario.
- Organización e participación en todas as conmemoracións do centro: ( Festival de Nadal, Día da Paz, Entroido, Letras Galegas, Contacontos, Recitado de poemas, teatro, semana da Natureza...)
- Participación en actividades de fomento e estímulo da lectura; vaille co conto ao profe, Contacontos, teatro, Clubs de lectura, Lectura Silenciosa. Actividades da biblioteca, de centro e

aulas, quentacontos...

- Participación no Proxecto Axenda 21 que inclúe:
  - Vixilancia das Patrullas Verdes.
  - Incentivar o aforro no consumo de papel.
  - Participar na recollida selectiva do lixo.
  - Participar nas actividades do horto.
  - Visita o invernadoiro do instituto.
  - Plantación de leitugas. Elaboración dun bocata ecolóxico)
  - Colaborar no proxecto de aforro enerxético. Elaboración de manuais e carteis de boas prácticas enerxéticas.
- Participación en diferentes concursos e actividades: ( Olimpiada do Saber, elaboración de caretas de entroido con materiais reciclados,tarxetas de Nadal, contos, Vagalume, Ciclo-biblioteca,presentación no Concello do libro de Pepe Carreiro, Quentacontos,poemas e todosos organizados polo ENDL do centro, Semana da natureza, recitado de poemas na semana das letras galegas...)
- Participación na elaboración da Revista escolar.
- Visitas ao blog do colexio.
- Dende o grupo valoramos como moi ositiva a actividade da lectura silenciosa.

### Actividades fóra do colexio en horario lectivo

- Excursión a Monforte, cunha visita a Gundivós na que os nenos/as viron como un oleiro facía o seu traballo e outra a piscifactoría do Lor.
- Saídas ao punto limpo,biblioteca municipal (fixémonos socios), envasadora de castañas e panadaría.
- Saídas a casa da cultura a representacións teatrais diversas: teatro, títeres. Saídas ao Concello.

### Aproveitamento dos medios e recursos

- Como método para introducir as TIC no traballo da aula, asistimos cos nenos/as a aula de informática,destacando o uso da mesma como recurso didáctico: programas Clic, internet, procesadores de texto (openoffice, writer).. E preciso sinalar o problema que leva consigo a falta de apoios para este tipo de actividades, xa que se

necesitaríanse dous profesores como mínimo para acudir con estes nenos/as tan pequenos. A falta destes apoios mingua considerablemente o traballo a realizar. Seguimos contamos ademais cun ordenador en cada unha das aulas que pode ser utilizado por profesores e alumnos.

Tamén contamos con programas e páxinas feitas no colexio que neste curso víronse implementadas coa elaboración de javaclics por parte do grupo de traballo da biblioteca.( O corpo humano, actividades varias en Jclic, visitas ao blogue do colexio..)

-Utilización de recursos audiovisuais(televisión, video, DVD,CD,radio)

-Uso por parte dos nenos/as do servizo de biblioteca (préstamo, contacontos, vaille co conto ao profe..)

-Participación nos diferentes concursos (Olimpiada do saber,concursos do ENDL..)

-Intercambio de libros entre os diferentes compoñentes do ciclo.

## Nivel de consecución dos obxectivos

A maioría dos nenos/as do Ciclo foron adquirindo os obxectivos de xeito satisfactorio, seguimos pensando que é necesario mellorar no referente as normas de convivencia e comportamento en corredores, comedor, patio, aulas. Sería conveniente seguir coa aplicación do carné por puntos como un dos medios postos en marcha para reeducar condutas.

Ao inicio do curso, detectamos no nivel de primeiro, problemas relacionados coas destrezas básicas e a falta de madurez dos nenos/as, isto levounos a insistir na conveniencia de reunións interciclos. Parécenos moi importante ter reunións para acordar pautas, facer traballo de seguimento e así mesmo de avaliación para ver o nivel adquirido ao rematar o ciclo.

O Obxectivo de ciclo relacionado coa lectura parécenos moi importante, pero moi difícil de levar a cabo con éxito, dado que en grupos numerosos coma estes é case imposible facer lectura en grupo e comprensión lectora de forma axeitada. Sería preciso separar os nenos/as en grupos máis pequenos para que a actividade fose máis produtiva, o que implicaría máis profesores de apoio. E polo contrario estes diminúen en lugar de aumentar.

Desdobrar para o próximo curso os grupos de 1º, resultaría moi positivo. ¿ Por que non contan os nenos/as que repiten?

## Avaliación dos apoios e educación especial

A atención aos nenos/as con n.e.e realizouse nas aulas de PT e AL, asistindo as aulas específicas no horario marcado pola Orientadora do centro.

Os apoios individualizados que se viñan realizando dentro da aula por profesores/as non especialistas viuse minguido polo feito de a entrada en vigor da LOE que trouxo horas libres pero non máis profesores para poder levalos adiante.

Consideramos coma moi convenientes mais apoios xa que a escaseza de horarios da lugar ao desvío dos nenos/as a outros medios de atención fora da escola.

Dende o ciclo seguimos a insistir nos problemas que acarrexan dunha parte a falta de espazo nas aulas e doutra o número excesivo de alumnos/as, o que fai moi difícil a atención individualizada.



Lamentamos a falta de apoios na aula e desexaríamos unha mellora en relación a este tipo de problemas.

## Valoración do programa de lingua e cultura portuguesa

Valorase de forma axeitada e moi positiva en canto permite o alumnado portugués ou con ascendentes portugueses e tamén galegos a posibilidade, dunha parte, de manter a súa lingua e cultura tan achegadas a lingua e cultura galegas e doutra

achegarse o coñecemento dunha lingua e cultura diferentes para os que non as coñecen tan de cerca. Estes últimos cursos, vense detectando unha diminución no número de alumnos que escollen esta lingua.  
Sería conveniente mellorar a coordinación entre as titorías das distintas aulas e a de portugués.

### Estadísticas avaliación final de ciclo:



# Memoria segundo ciclo primaria

## Compoñentes do ciclo

Titor 3ºA: Pilar Santás Rodríguez

Titora 3ºB: (Coordinadora) : Mª Consuelo González Rodríguez

Titora 4ºA: Carlos Rivero López

Titora 4º B: Miguel. A. Remigio Lorenzo

Educación Física: Modesto Rodríguez Centrón

Lingua e Cultura Portuguesa: Joaquim Ferreira

## Calendarios de reunións e temas tratados

As reunións do 2º ciclo realízanse todos os mércores do curso, de 13:30 a 14:30, tratándose temas variados relativos ao desenvolvemento das actividades propias do ciclo así como das organizadas polo centro.

- Programacións
- Participación na elaboración do Plan de Convivencia.
- Establecemento dos obxectivos do ciclo e organización dos apoios de recuperación coa colaboración do Equipo de Orientación.
- Actividades de avaliación inicial.
- Excursións, saídas e actividades culturais.
- Preparación das festividades escolares ( Magosto, Nadal, día da Paz, Entroido, -Letras Galegas, semana da prensa, día do medio ambiente, fin de curso...)
- Participación nas actividades da Axenda 21.
- Participación en concursos .

## Actividades dentro da aula

O 2º Ciclo, ben na súa totalidade ou parte das aulas participou nalgúns concursos que se considerou traballaban aspectos curriculares ou transversais axeitados a nosa programación: Cursos e concursos de Educación Viaria organizados pola Policía Local, Semana da Natureza do Concello, O.N.C:E...

Asemade realizáronse moitas actividades encamiñadas a participar nas festas celebradas no colexio, Axenda 21, Biblioteca Escolar...

## Actividades fóra do centro

Participamos nas visitas ao contorno programadas para o Ciclo .

Neste curso os alumnos de 3º acudiron a visitar as instalacións de Correos.

Os nenos de 4º visitaron o Concello e a Cooperativa "Jesús Nazareno" onde lle explicaron o proceso da elaboración do viño.

A excursión de fin de curso foi unha visita a cidade de A Coruña (Aquarium, Casa das ciencias...)



## Aproveitamento dos medios e recursos

Os alumnos fan moito uso da biblioteca tanto para o servizo de préstamos como nas demais actividades: hora dos deberes e vaille co conto ao profe.

Tamén cabe subliñar o uso doutras instalacións como o pavillón, aula de informática,

salón de actos...

### Nivel de consecución dos obxectivos

Neste curso como no anterior seguimos traballando para conseguir maior orde, respecto, acatamento das normas, esforzo no traballo..., para iso un instrumento que deu moi bos resultados foi o “carne por puntos”.

Valoramos moi positivamente os resultados do plan de lectura silenciosa

### Dificultades atopadas

Algúns alumnos presenta unha falla de atención e motivación importante polas tarefas escolares e nalgún destes casos a non atopamos ningún apoio nin colaboración por parte da familia.

### Avaliación dos apoios

Os apoios realizados foron de dous tipos:

- Apoios feitos polos especialistas de PT e AL con resultados positivos ,
- Apoios de integración ao alumnado emigrante, levados a cabo por especialistas de P.T.


### Avaliación do programa de lingua cultura portuguesa


A nosa valoración é positiva aínda que pensamos que debería haber unha maior coordinación

### Actividades de reforzo de cara o verán

Como é habitual recomendamos aos alumnos/as a realización dun libro de actividades para o verán, animándoos a que empreguen unha parte do seu tempo de lecer na lectura.

### Estatísticas avaliación final de ciclo:





# Memoria terceiro ciclo de primaria

## Compoñentes do ciclo

Titora 5ºA: Concepción Moldes Carriba

Titor 5ºB: Ignacio Hermida González (coordinador)

Titor 6ºA: David Vázquez Álvarez

Titor 6ºB: Luis Fernández Gudiña

Titora 6ºC: Mª Consuelo Ares Rodríguez

Manuel Francisco Gómez Vidal

Francisco Pérez Lemos

## Calendario de reunións e temas tratados

As reunións do terceiro ciclo realizáronse os mércores de cada semana en horario de 13:30 h. a 14:30 h. e nelas tratáronse, entre outros, os seguintes temas:

- Elección de Coordinador.
- Elaboración e aprobación dos obxectivos xerais a conseguir neste curso.
- Preparación da reunión cós pais/nais de alumnos/as ó comezo do 1º Trimestre.
- Saídas e actividades culturais.
- Participación nas actividades das Letras Galegas.
- Información e participación en diversos concursos.
- Semana da natureza.
- O autobús da lingua.
- Excursión de fin de curso a Coruña e participación na actividade Enrolados (5º) e excursión a Gandarío (6º).
- Avaliación e criterios de promoción.

## Actividades dentro da aula

Dentro de cada aula desenvolvéronse actividades dirixidas a prepara as distintas festas e días significativos: Nadal, Entroido, Samaín...

Participación en diferentes concursos: ONCE, Dereitos do neno/a, concursos de poesía e redacción organizados no centro...

Participación na elaboración da revista escolar cun cómic da biografía do autor e outros traballos: adiviñas, chistes, pasatempos...

Elaboración de coplas.

Colaboración na elaboración do Plan de Convivencia.

Memorización e declamación de poemas galegos.

## Actividades fóra da aula

Asistencia a charlas sobre diversos temas: agricultura ecolóxica, natureza, consumo...

Preparación dunha montaxe teatral por parte dos alumnos/as de 6º curso.

Participación na Olimpíada do saber.

Monólogos e teatro no Festival de Nadal.

Visita a exposición sobre animais



salvaxes, fauna ibérica, ríos de Galicia...

Saídas a Alixo e a louseiras para un mellor coñecemento do contorno.

Participación nas xornadas de teatro escolar coa obra " O testamento do Nacho".

Patrullas Verdes.

Visita ao Teatro Lauro Olmo para diversas actividades: Marco Polo, Prevención de Incendios...

excursión de fin de curso a Coruña (5º) e a Gandarío (6º).

### Aproveitamento dos medios e recursos

Salienta o aproveitamento feito polos alumnos/as de todas as actividades relacionadas coa nosa nova Biblioteca, a aula de Informática e Bibliotecas de aula e Clubs de Lectura.

### Nivel de consecución dos obxectivos



Os obxectivos programados ó comezo do curso tiveron unha formulación tan ampla e ambiciosa que foi moi difícil levalos a cabo na súa totalidade. Tentouse facer empeño na consecución dos obxectivos referentes a respecto, moral, persoal e de resolución de conflitos por medio do diálogo.

### Actividades de reforzo cara o verán

Neste apartado todos os anos aconsellase ós alumnos/as a necesidade de poñer atención nos hábitos lectores, o reforzo e repaso das tarefas do curso durante o verán...etc.

Salientar un ano máis a escaseza na implicación dos pais/nais no seguimento académico dos seus fillos/as pois segue habendo certa despreocupación a este respecto.

### Estadísticas avaliación final de ciclo:



## Memoria departamento orientación

Durante este curso o Departamento de Orientación segue a ter unha estrutura cambiante, posto que a meirande parte do profesorado de apoio está a cubrir a súa praza de xeito provisional.

A xefatura do mesmo segue cuberta, de xeito definitivo, así como a praza de AL e outras dúas de PT, aínda que os propietarios definitivos de Pedagogía Terapéutica estiveron durante este curso en Comisión de Servizos. Resaltar a importancia de contar cunha estrutura estable que coordine, planifique e apoie a acción titorial e orientadora.

### Compoñentes do departamento

Emilia M <sup>a</sup> Anta Rodríguez	Profesora de Pedagogía Terapéutica
Estrela Cerneira Montes	Profesora de Pedagogía Terapéutica
M <sup>a</sup> Carmen Fernández Sueiras	Profesora de Audición e Linguaxe
Gisela García Ron	Coordinadora de Ensino Infantil
Ignacio González Hermida	Coordinador de 3º ciclo de Primaria
María Consuelo González Rodríguez	Coordinadora do 2º ciclo de Primaria
Natalia Longo González	Xefa do Departamento de Orientación
Rubén López Fernández	Profesor de Pedagogía Terapéutica
Aurea Ochoa Ochoa	Coordinadora de 1º ciclo de Primaria
Ángeles Pestaña Barredo	Profesora de Pedagogía Terapéutica

Ademais contamos con dúas profesoras de apoio compartidas:

Ana M <sup>a</sup> Álvarez Silva	Profesora PT compartida IES Lauro Olmo
M <sup>a</sup> Carmen Redondo Manuel	Profesora AL compartida IES Lauro Olmo

Estas dúas profesoras de apoio, que impartiron durante o curso oito sesións semanais, respectivamente, non pertencen ao Departamento de Orientación do centro, posto que están adscritas ao Instituto “Lauro Olmo”. Mencionar que esta situación dificultou manter reunións dun xeito regular e sistemático con ambas. Durante este curso realizouse a coordinación, como se di popularmente, “a salto de mata”. Sería necesario buscar canles para o curso que ven que permitan unha coordinación máis sistemática.

Durante este curso mantívose o profesorado de apoio do curso anterior. Salientar que, sen esta dotación, sería imposible atender as numerosas demandas que se presentan. Este é un centro preferente para a escolarización de alumnado con neae, ademais conta cun aula específica. A todo isto hai que sumarlle que é un centro con moito alumnado e clases moi numerosas, polo que as demandas de intervención se disparan.

O feito de que os centros específicos queden lonxe fai que a aula específica do colexio convértase nun substituto daqueles na nosa bisbarra. Cara ao curso que vén, haberá catro alumnos/as en modalidade de aula específica que necesitan apoio as vintecinco horas. Este feito “hipoteca” a dou profesores/as de apoio, polo que segue sendo imprescindible contar co mesmo persoal que este curso.

**Esperamos que estes feitos sigan tomándose en consideración á hora da**

### **dotación de recursos humanos para o vindeiro curso.**

Durante este curso estreouse unha pequena ampliación do centro que permitiu parchear as acuciantes necesidades de espazo.

As reunións da totalidade do Departamento de orientación do CEIP “Condese Fenosa” celebráronse fóra de horario lectivo, os luns de 13:30 a 14:30 horas . Xeralmente fixéronse coincidir coas DE CCPP.

Semanalmente o profesorado de Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe e a orientadora mantiveron unha reunión semanal de 13:30 a 14:30 horas.

### **Marco de actuación**

Como ben queda reflectido no Plan de Orientación Educativa, a intervención do departamento realizouse nos seguintes ámbitos:

- **Alumnado:** A intervención do Departamento neste ámbito centrouse na detección e avaliación das NEAE (necesidades específicas de apoio educativo) do alumnado, no asesoramento e deseño de criterios organizativos e pedagóxicos para atención á diversidade, na integración inicial do alumnado de novo ingreso ou procedente da escola adscrita ao centro, na realización da avaliación psicopedagóxica cando os casos así o requirían, na atención a demandas persoais de orientación e no asesoramento e orientación académica en momentos decisivos da historia escolar do alumnado.
- **Profesorado:** O Departamento colaborou con todo o profesorado nas demandas que se lle expuxeron, contribuíndo á prevención, observación, detección, recollida e rexistro de información e análise e valoración da mesma. Realizouse un labor de asesoramento, cando o profesorado así o solicitou, sobre as actuacións que os titores podían levar a cabo en canto a atención á diversidade, avaliación, material adecuado, situacións persoais especiais, etc. A través do Departamento tentouse dar un carácter estable á coordinación de titores e profesorado especialista co profesorado de apoio ás necesidades educativas especiais.
- **Familias:** O Departamento colaborou coas familias dándolle resposta ás súas demandas, na medida das posibilidades e sempre en coordinación cos titores/as. Noutras ocasións as entrevistas eran de carácter informativo, cando así se requiría para a avaliación psicopedagóxica. Realizouse tamén un labor de información e asesoramento ás familias do alumnado con NEAE e as familias de aquel alumnado que se atopaba en períodos de transición: remate da educación primaria, remate de ensino infantil, inicio da escolarización.
- **Outros organismos:** A actuación do Departamento con outros organismos ou institucións pretendeu dar unha solución a dificultades que non se podían afrontar unicamente desde o propio centro, así como coordinar a intervención profesional que incide na atención do noso alumnado desde distintos ámbitos. Fomentouse a relación cos servizos e institucións que prestan atención socioeducativa e sanitaria a parte do noso alumnado. En concreto traballouse especialmente en coordinación co Equipo de Orientación Específico Provincial de Ourense, co Servizo de Pediatría do Hospital Comarcal Valdeorras (HCV), co Servizo de Saúde Mental do HCV, co Servizo de Fisioterapia do HCV, coa Unidade de Saúde Mental Infantil de Ourense, co Servizo de Atención Temperá de Ourense, cos Servizos Sociais do Concello de O Barco e do Centro de Saúde, con Menores , coa fundación Arela e coa Asociación Cultural Vagalume, así como cos especialistas privados que ofrecen axuda puntual a determinados alumnos/as do noso colexio.

## Actividades levadas a cabo

As actividades máis salientables deste curso son as seguintes:

1. Recollida e actualización de datos sobre o alumnado con neae.
2. Cumprimentación das fichas individuais do alumnado con neae. do centro para o Equipo de Orientación Específico de Ourense.
3. Confección e posta ao día de ficheiros de seguimento.
4. Detección e avaliación das necesidades educativas especiais do alumnado.
5. Valoracións, avaliacións psicopedagóxicas e programa de intervención para o alumnado con neae
6. Realizacións de programas de modificación de conduta con aquel alumnado que se estimou oportuno.
7. Deseño, en colaboración co profesorado implicado, dos plans de actuación e do material para asegurar a debida atención á diversidade.
8. Coordinación de todo profesorado implicado con cada neno/a con atención específica para asegurar o seguimento do plan de actuación para cada alumno/a e levar a cabo as estratexias adecuadas para cada caso concreto.
9. Estruturação de apoios en colaboración co Equipo Directivo.
10. Organización dos horarios das aulas de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe en colaboración co Equipo Directivo.
11. Avaliación das medidas de atención á diversidade
12. Orientación e colaboración coas profesionais implicadas (ATE) no deseño e seguimento dos programas de autonomía persoal e integración social do alumnado susceptible de coidadora.
13. Elaboración de modelos de impresos e protocolos.
14. Recollida das distintas demandas de todos os sectores da comunidade educativa para a elaboración do plano de orientación.
15. Redacción do Plano de Orientación.
16. Avaliación do Plano de Orientación
17. Reunións semanais do Departamento de Orientación: Calendario de reunións e temas a tratar.
18. Reunións individuais cos pais dos nenos/as con NEAE.
19. Participación nas reunións do profesorado para coordinar tarefas.
20. Participación en reunións de coordinación co Equipo Directivo.
21. Representación do Departamento de Orientación na Comisión de Coordinación Pedagóxica
22. Celebración de reunións co profesorado de apoio.
23. Participación nas sesións de avaliación do alumnado en infantil e primaria.
24. Estudio dos resultados da avaliación do primeiro trimestre e medidas a adoptar.
25. Estudio dos resultados da avaliación do segundo trimestre e toma de decisións.
26. Estudio dos resultados da avaliación do terceiro trimestre e toma de decisións.
27. Asesoramento na toma de decisións sobre a promoción do alumnado.
28. Proposta e asesoramento para Adaptacións Curriculares Individualizadas.
29. Asesoramento na cumprimentación da documentación académica do alumnado, en particular do que recibe atención específica.
30. Coordinación co orientador do I.E.S. "Lauro Olmo" para a transición dos nosos alumnos/as a Secundaria e outros temas de interese.
31. Asesoramento e coordinación co Equipo de Orientación Específica de Ourense.
32. Coordinación da intervención do Departamento de Orientación cos distintos profesionais que inciden na atención do noso alumnado.

33. Colaboración coa Asociación Vagalume nas actividades de apoio levadas a cabo por voluntariado.
34. Participación nas iniciativas de pais e nais nas que se solicitou presenza.
35. Asesoramento e apoio para o deseño de determinadas actividades.
36. Elaboración do Plan de Convivencia.
37. Actividades encamiñadas á integración e cohesión do grupo, con atención prioritaria ao alumnado do novo ingreso.
38. Orientación aos pais/nais do alumnado de novo ingreso de Infantil. Preparar a súa entrada ao centro.
39. Orientación aos pais /nais do alumnado de 6º de Infantil sobre Primaria. Preparar a súa transición.
40. Orientación ao alumnado de 6º de Primaria sobre ESO. Preparar a súa transición.
41. Orientación aos pais /nais do alumnado de 6º de Primaria sobre Secundaria. Preparar a súa transición
42. Colaboración no seguimento da adaptación ao centro de secundaria.
43. Atención ás demandas persoais de orientación de determinados alumnos/as.
44. Colaboración coa mestra de Audición e Linguaxe para realizar material de avaliación e rexistro, así como no desenvolvemento dos planos de traballo anuais.
45. Colaboración coas mestras de Pedagogía Terapéutica no desenvolvemento dos planos de
46. traballo anuais e na elaboración de material para alumnado de aula específica.
47. Organización de espazos e instalacións para a orientación.
48. Recollida de material bibliográfico para uso do profesorado.
49. Elaboración da Memoria de Orientación.

### **Avaliación. Nivel de consecución dos obxectivos**

A valoración xeral da consecución dos obxectivos marcados no Plano de Orientación pódese considerar positiva. A grandes resgos cumpríronse a maior parte das accións prioritarias expostas a principio de curso.

Este feito débese en gran parte ao alto nivel de implicación de todos os membros do claustro, en especial do profesorado de apoio, así como do equipo directivo.

Facer especial fincapé no mantemento dos recursos humanos cos que contamos en PT e AL e, inclusive, a necesidade de contar coa cuarta praza de PT a tempo completo.

En canto o Plan de Orientación considerámolo como unha guía que marca as metas que pretendemos alcanzar. Ademais decántase como unha ferramenta moi útil para o labor de avaliación dos obxectivos do Departamento e para marcar as liñas nas que deberemos incidir máis cara o curso que ven.

Os obxectivos que quedan pendentes para o curso vindeiro son:

- Diseñar programas orientados á prevención e desenvolvemento integral do alumnado: programas para mellorar as habilidades sociais, técnicas de estudo, atención... poderían ser algúns exemplos.
- Promover actividades informativas e orientativas que impliquen ás familias e á comunidade educativa na consecución dos obxectivos educativos.
- Elaboración de propostas de promoción de condutas tolerantes e mellora da convivencia nos centros que impliquen ao centro en canto a estratexias e instrumentos.
- Revisión do Regulamento de Réxime Interno.
- Establecer relacións estables de coordinación interciclos.

- Establecer relacións estables de coordinación entre profesorado titor, profesorado especialista, profesorado de apoio e a orientadora de cara a dar resposta ás neae do alumnado.
  - Aínda que existe coordinación entre todo o profesorado que incide na educación dun alumno/a, sería desexable darlle certa sistematicidade as reunións de coordinación entre o profesorado titor e especialista.
  - Dotar desta periodicidade, sobre todo ao inicio de curso, ás reunións entre a orientadora e profesorado titor que ten alumnado de apoio sería moi recomendable.
  - Coordinación entre os profesionais das etapas Primaria e Secundaria, ambas de ensino obrigatorio, co fin de que realmente a transición sexa tránsito e non ruptura.

# Memoria de pedagogía terapéutica

## Alumnos con n.e.a.e.

Durante este curso atendéronse nas aulas de Pedagogía Terapéutica un total de 70 alumnos con necesidades específicas de apoio educativo, dous teñen A.C.I. e varios alumnos (aproximadamente 10) están pendentes da súa realización.

Necesidades atendidas durante o curso :

- Retardo mental non filiado. Retardo psicomotriz.
- TDAH. Dificultades de aprendizaxe.
- Microcefalia con retardo psicomotor grave e diabeite insulina dependente.
- Discapacidade motora. Parálise cerebral espástica.
- Retardo mental. Síndrome de Down.
- Inmadurez xeneralizada. Déficit cognitivo.
- Trastorno xeneralizado do desenvolvemento non especificado.
- Retardo madurativo. Dificultades de aprendizaxe.
- Dificultades de aprendizaxe.
- Déficit de atención.
- Alumnado estranxeiro.
- Situación social – familiar desfavorecida.
- TDAH. Sobredotación intelectual.
- Alumnos estranxeiros. Dificultades de aprendizaxe.
- Discapacidade motora con hemiparesia motora. Retardo madurativo.

## Organización do profesorado

Neste ano académico contouse no centro con cinco mestres/as de P.T., catro a tempo completo e unha compartida co IES Lauro Olmo e con dúas mestras de Audición e Linguaxe, unha compartida co IES Lauro Olmo.

A maioría dos alumnos están integrados nas súas aulas ordinarias, acudindo algunhas horas a sesións de P.T., dentro da “Casiña” (aulas azul, vermella, amarela e verde) ou nas aulas novas do terceiro andar (aula rosa, aula laranxa compartida co mestre de portugués e aula usos múltiples).

Soamente tres dos alumnos permanecen a maioría do horario na “Casiña” estando integrados na aula ordinaria nas áreas de Educación Física e Música, acompañados normalmente das coidadoras.

No último trimestre incorporouse a aula específica un alumno de educación Infantil de cinco anos, que segue recibindo apoio na súa aula ordinaria cinco sesións semanais por parte dunha mestra de apoio infantil.

Os horarios sufriron moitas modificacións ao longo dos tres trimestres debido á necesidade de atender a tantos alumnos con n.e.e. e á adaptación do alumnado á aula específica. Así mesmo durante todo o curso revisáronse e estiveron abertos a posibles cambios para dar cabida aos seguintes casos:

- Incorporación de alumnado con dificultades.
- Incorporación de alumnado estranxeiro.
- Aumento ou diminución de horas segundo a consecución de obxectivos.

## Modelo de intervención

Elaborouse para cada alumno un Plan de traballo anual e mantivemos unha reunión semanal as mestras de P.T. xunto coa mestra de A.L. e a Orientadora co fin de organizar o traballo dos alumnos e revisar os avances e dificultades dos mesmos.

Tamén contamos coa colaboración dos/as mestres/as titoras e dos/as mestres/as de apoio para poder favorecer a integración dos alumnos e poder levar a cabo un traballo máis organizado.

As **funcións** dos/as mestres/as de P.T. foron as seguintes:

- Elaboración de actividades para os alumnos na aula específica.
- Elaboración de material de apoio para a aula ordinaria.
- Coordinación cos/as mestres/as titores/as e a orientadora.
- Apoio ós/ás mestres/as titores/as na aula ordinaria e nas saídas.
- Participación nas actividades realizadas polo centro: Samaín, Nadal, Día da Paz, Entroido, Letras Galegas, Festa fin de curso, saídas culturais, ...

## Obxectivos

Os obxectivos prioritarios con estes alumnos estiveron encamiñados a favorecer: a interacción social, a comunicación, a representación simbólica, o desenvolvemento motor, as habilidades de identidade e autonomía persoal, o coñecemento do entorno, a lecto-escritura, o cálculo, a estimulación das capacidades que potencien o desenvolvemento do déficit de atención e retardos madurativos e a adquisición de hábitos de autonomía e rutinas diarias adaptadas a cada deficiencia.

Aínda que determinar o grado de consecución dos obxectivos nestes alumnos é moi difícil, debido a que algúns conséguense parcialmente, outros están en proceso e outros tivéronse que reformular, podemos dicir que houbo unha evolución moi positiva.

## Metodoloxía

Utilizamos unha metodoloxía activa e participativa implicando a todos os alumnos no proceso de ensino-aprendizaxe. Partimos dos seguintes principios metodolóxicos que deberán rexer toda intervención educativa: partir do nivel de desenvolvemento do alumno e do entorno máis inmediato (modelo ecolóxico de aprendizaxe), aprendizaxe significativa, participación activa no propio proceso de aprendizaxe, aprendizaxe mediado, traballo a partir de rutinas, ...

Foi necesario tamén, motivar axeitadamente aos alumnos cara a aprendizaxe:

- Partindo dos seus intereses e ampliándoos.
- Formulando actividades que lles supoñan un reto.
- Reforzando “o proceso e o esforzo” e non os resultados.

## Actividades

Tendo as diversas necesidades coas que nos atopamos no centro levamos a cabo unha ensinanza individualizada cunha serie de actividades de tipo Individual e de Grupo

As actividades responden directamente aos obxectivos formulados no plan de traballo, destacar sobre todo o establecemento de rutinas diarias e normas de conduta ben definidas. Algunhas actividades tipo Individuais:

- Actividades con material impreso: caderniños, fichas, ...
- Actividades con material manipulativo: puzzles, bloques lóxicos, ábacos, encaixables, inseribles, ...
- Actividades con software informático: Clic, Aprendilandia, Pipo, Pocoyó, Caillou, Cativadas, Adibú Trampolín, Winnie The Pooh, Comprensión Lectora (Aquari), ...
- Actividades plásticas (recortado, picado, amasado, pintura, ...).

Algunhas actividades tipo de Grupo (realizadas en diferentes espazos):

- Celebracións: Magosto, Nadal, Paz, Entroido, Día do Libro, Letras Galegas e

Festa de fin de curso, monicreques, obras de teatro, charlas (de Educación Viaria), Conta contos...

- Saídas: (Coruña, Monforte, Gandarío, Canteira de Lousa e visitas realizadas dentro do contorno (panadería, supermercado, ...))

## Avaliación.

A avaliación proporcionáanos información para axustar a intervención educativa.

Por iso non podemos cinguirnos só aos alumnos, senón tamén á nosa práctica como docentes.

Respecto aos alumnos, levamos a cabo unha avaliación continua e formativa mediante:

- A observación directa do traballo diario dos alumnos, observando o seu traballo individual e en grupo, en diferentes tarefas e situacións.
- Análise das producións dos alumnos.
- Observación sistemática.
- Rexistros de conduta, anecdóticos, ..
- Axendas de ida e volta.
- Sesións de avaliación trimestrais.
- Informes trimestrais as familias.
- Entrevistas cos titores/as e resto de profesionais participantes.
- Entrevistas cos/as pais/nais ou titores legais.

En canto ao noso traballo como mestres/as démoslle prioridade a:

- O nivel de interacción cos alumnos.
- A adecuación dos materiais empregados.
- A pertinencia das actividades propostas.
- O nivel de interacción e coordinación entre os profesores e apoios.
- O nivel de interacción coas familias.

Debemos avaliar positivamente, así mesmo, o traballo feito pola orientadora, xa que nos serviu de punto de partida para desenvolver o noso labor como mestras, prestándonos a axuda pertinente en todo momento.

Cara ó curso que ven, consideramos conveniente, debido ó número de alumnos crecente e as súas necesidades especiais, que a quinta praza de Pedagogía Terapéutica sexa cuberta a tempo completo, amais dunha terceira praza definitiva. Pensamos que iso redundaría na mellora da resposta que, desde o centro se pode dar as n.e.e. dos nosos alumnos/as.

Tamén consideramos como algo primordial a dotación de mais aulas de PT (porque as novas son algunhas compartidas e resultan insuficientes) para prestar unha adecuada atención a todos os alumnos que o requiran, ademais dunha ampliación da "Casiña" para mellorar os espazos existentes.

Amais diso, resulta fundamental a mellora na dotación de material específico tal como mobiliario (bipedestador), material para psicomotricidade, e material informático. (ordenadores, impresoras e software).

# Memoria de audición e linguaxe

A mestra M<sup>a</sup> Carmen Fernández Sueiras ocupou, de xeito definitivo, durante o curso 2008/2009 a praza de AL a tempo completo no centro, mentres M<sup>a</sup> Carmen Redondo Manuel comparte a súa praza provisional no IES "Lauro Olmo" co noso centro, traballando eiquí martes todo o día agás a última hora que é de libre disposición e os xoves pola mañá.

Durante o curso as funcións das especialistas centráronse na realización das seguintes actividades:

- Atención ao alumnado.
- Coordinación co profesorado e reunións con pais e nais.
- Melloras na aula de AL.
- Acondicionamento da nova clase de portugués para a intervención logopédica dalgunhas sesións.
- Adquisición de material.

A continuación farase un breve resumo das actividades enumeradas.

## Atención ao alumnado

Nas aulas de AL atendéronse 31 alumnos/as dos cales presentaban:

- 2 dislalias (un dos cales deuse de alta)
- 4 rotacismos (dous deles déronse de alta).
- 2 disfemias.
- 5 disfonías (tres dos cales déronse de alta).
- 5 problemas de lecto-escritura.
- 7 retardo na área da linguaxe (un dos cales deuse de alta).
- 6 con neae derivadas de distintos trastornos.

De todos eles 10 asistían exclusivamente a esta aula mentres os 21 restantes tamén asistían á aula de PT. Todo o alumnado que necesita reeducación logopédica está a recibir atención, mais en certos casos non recibe todas as sesións que serían convenientes por falta de dispoñibilidade horaria.

Non se puido dar continuidade no segundo trimestre, por parte da mestra de AL M<sup>a</sup> Carmen Redondo, ao programa de estimulación da linguaxe oral de carácter preventivo (na etapa de EI) por falta de dispoñibilidade no horario, dada a gran demanda de necesidades que foron aparecendo.

## Obxectivos xerais

Como marco de referencia para o traballo na aula marcáronse unha serie de obxectivos xerais que se adaptaron no traballo específico con cada alumno/a. Foron os seguintes:

- Facilitar ao alumnado a recuperación das dificultades que presenten na linguaxe oral e escrita.
- Favorecer as posibilidades expresivas da linguaxe mediante a participación activa do alumnado en xogos e conversacións.
- Completar outros aspectos da aprendizaxe escolar para que sirvan de reforzo á hora de empregar a linguaxe, tanto oral como escrita.
- Espertar no alumnado a conciencia do importante que resulta falar e escribir ben para relacionarnos cos demais.
- Potenciar a lectura como recurso para acceder a outras áreas de coñecemento.

- Intentar que o alumnado asuma as súas dificultades na área de lingua sen traumas, como forma de motivación na realización de aquelas actividades que lles leven á recuperación.
- Manter contactos periódicos con titores, outros especialistas e pais/nais para xeneralizar logros ou constatar dificultades.
- Insistir na actividade permanente do alumnado de forma que esta lles permita reflexionar en cada momento sobre o seu proceso de aprendizaxe.

### Intervención logopédica.

As sesións tiveron unha duración entre 20, 30,40, 45 e 55 minutos debido tanto ás características do traballo con cada neno/a como a motivos de horario. Para cada alumno/a estableceuse un plan de traballo a principios de curso que serviu tanto para dirixir o traballo das especialistas como para facilitar a coordinación entre PTs e AL.

Os obxectivos xerais da aula xunto co plan de traballo para cada alumno/a guiaron tanto a planificación das sesións como a metodoloxía das mesmas, predominantemente lúdica e na que o uso de programas informáticos, material de audio e gráfico tiveron moita importancia.

En xeral pode dicirse que todo o alumnado que acudiu a aula de AL ou ben acadou os obxectivos previstos ou ben avanzou no seu nivel de consecución dos mesmos.

### Coordinación co profesorado e reunións con pais e nais

Durante o curso a máis das reunións do departamento de orientación obrigatorias houbo reunións informais e formais ca orientadora, co resto das PT, e as AL para facilitar a coordinación do traballo entre todas. O feito de ter todas as aulas de AL e PT na Casiña facilita a coordinación informal en calquera momento.

Tamén se realizaron reunións cos titores do alumnado para favorecer a coordinación do traballo e ter diferentes visións dos progresos ou retrocesos dos mesmos. Nalgunha ocasión algún titor requiriu orientación para resolver algún problema e déronse as indicacións oportunas, ademais de proporcionarlle material.

Nos informes trimestrais facilitáronse orientacións ás familias para favorecer os progresos dos seus fillos/as e non houbo problema en manter contactos persoais coas mesmas para falar da evolución dos/as fillos/as.

### Melloras na aula de al e adquisición de material

A aula de portugués que compartía a mestra de AL do IES “Lauro Olmo” este ano trasladouse para o último andar e seguiu compartindo, así como unha das horas de Audición e Linguaxe dáse na aula de PT que hai no mesmo andar.

Adquiriuse o seguinte material para o desenvolvemento da linguaxe:

- “Tratamiento de la voz (manual práctico)”.Paloma Acero Villán. Ed. CEPE
- “El oso meloso”Damián Pascual Lacalle. Ed CCS
- “Reeducación de la deglución atípica funcional en niños con respiración oral” Mª Eugenia Peralta Garcera. Ed ISEP
- “Tratamiento de la tartamudez en niños. Programa de intervención para profesionales y padres” (libro e caderno de actividades). Alicia Fernández-Zúñiga Marcos de León. Ed. Elsevier Masson
- “Cuentos divertidos seseantes” Mario Martínez-Losa. Ed CEPE.
- “Cuentos divertidos de la “z” “ Mario Martínez-Losa. Ed CEPE.
- “Cuentos divertidos de animales“ Mario Martínez-Losa. Ed CEPE.
- “Sigmatismo. Ejercicios para la “s” y “z” “. Mª José Berdejo y Francisca Bach.
- Os Contos : “Mi familia y yo” Ed. Grafalco e “Mi coche” Ed. Macmillan.

- “Juegos con fonemas 2” Paloma Acero Ed. CEPE
- “La casita de chocolate” M<sup>a</sup> Carmen Contreras Grupo Editoriaal Universitario.
- “Caperucita Roja aprende a hablar” Ed. Grupo editorial universitario.

## Observacións finais

Non todos os alumno/as da aula empezaron na mesma a principio de curso, nin se puideron satisfacer tódalas necesidades que foron xurdindo o longo do curso por falta de dispoñibilidade no horario. Isto sumado coas ausencias prolongadas dalgún dos alumnos e o feito de que calquer cambio no horario das PT ou no das titorías podía afectar ao horario de AL, fixo que os cambios no horario de AL foran bastantes. De cara ao próximo curso é preciso ter en conta:

- Necesidade de que se manteña, aínda que sexa compartida, unha segunda especialista en AL para dar cabida a tódalas necesidades así como que as actuais se satisfagan satisfactoriamente.
- Faise preciso a dotación de material tal como: material para traballar a secuenciación, renovar material de sopro, algún programa de ordenador para traballar os fonemas e colocar o espello na aula de portugués.

## Memoria da área de educación física

A Educación Física no noso centro estivo impartida durante este curso pol@s mestras/-es: M<sup>a</sup> Pilar Santás (no 1º Ciclo de Primaria) e Modesto Rodríguez (no 2º e 3º Ciclo de Primaria).

### Consecución de obxectivos

En canto aos obxectivos da área, destacamos como aspectos importantes, a consolidación de certos hábitos e actitudes:

- x Hixiene corporal. Todos os nen@s do 1º Ciclo aséanse ao remate da actividade física e os do 2º e 3º Ciclo dúchanse e mudan de roupa.
- x O xogo e o deporte como elemento lúdico. Educar a competitividade.
- x A aprendizaxe de novos xogos como alternativas para o tempo de lecer e como axuda no seu desenvolvemento motriz. Tanto este obxectivo como o anterior estamos a traballalo, ademais de nas clases de Educación Física, a través de xogos alternativos no pavillón á hora do recreo. O mellor lugar para formar a deportistas habituais é a escola, baixo a tutela do profesorado que eduque e faga ao nen@ racionalizar o xogo e situar nun segundo plano o resultado; para potenciar aspectos como a diversión, o esforzo, o xogo en equipo, o xogo limpo, ...
- x A importancia da preparación do corpo para o exercicio físico (quentamento e estiramientos) de cara a evitar posibles lesións.

### Educación física e saúde

Continuamos neste curso, en Primaria, levando un control do peso d@s nos@s alumn@s para apreciar a súa progresión e detectar os casos de sobrepeso e obesidade. Así como tamén os de Baixo Peso. Como en anos anteriores pesámol@s e medímol@s ao inicio e final de curso e calculamos o **IMC** (Índice de **Masa Corporal**) que nos proporciona un maior coñecemento do estado d@s nos@s alumn@s.

Por outro lado, seguimos apreciando unha maior aparición de problemas de desviación de columna n@s nos@s rapaces/zas que tamén podemos prever se lle damos máis importancia á hixiene postural nos múltiples actos diarios en que fan uso das súas costas (ao coller pesos, ao sentarse, ao durmir ...) así como ser máis strict@s no control do peso das mochilas (diversas organizacións recomentan non superar un 10% do peso d@ portador/a). Están hipotecando o corpo para o futuro e tanto @s pais/nais coma @s mestras/es podemos axudarlles a sensibilizarse e responsabilizarse en maior medida do seu corpo en período de crecemento.



### Melloras e necesidades

As necesidades materiais máis importantes refírense principalmente á reposición do máis vello así como á súa ampliación debido á gran cantidade de alumn@s que

temos por aula.

Tamén consideramos interesante que se puidera establecer alomenos unha reunión co profesor de E.F. do IES. Lauro Olmo que vaia impartir clase aos nos@s alumn@s de 6º o vindeiro ano para intercambiar información.

Por outro lado, queda pendente para o vindeiro curso, o pintado de xogos populares infantís no patio cuberto. Así como a redistribución, máis racional, dos diferentes espazos de xogo do patio.

### Incidencias e aspectos a mellorar

Un novo curso temos que expoñer a queixa ao noso concello pola lentitude con que se realizan as reparacións das avarías que no pavillón se producen. En todo o curso non foron quen de arranxar unha ducha e a maioría dos retretes perden auga polas gomas, deixando asulagado os vestiarios todos os días. Solicitamos do noso concello unha maior celeridade no arranxo de desperfectos así como unha maior sensibilidade cos nosos problemas. Non debemos esquecer que os grandes prexudicados sempre son @s nen@s.

Seguimos requiringo a consideración do pavillón como Aula de Educación Física e, polo tanto, co mesmo servizo de limpeza que o resto do colexio. E máis, tratándose da instalación que máis se usa (incluso a nivel extraescolar), a que máis se ensucia e na que máis andan @s nen@s polo chan.

E, a pesar de todo isto, seguimos querendo que o pavillón non estea infrautilizado fóra do horario lectivo (porque sabemos que os grandes beneficiados son @s nen@s da nosa vila) e estamos dispostos a cedelo para calquera actividade *deportiva* organizada por entidades públicas ou asociacións sen ánimo de lucro. Sen embargo, esta cesión implica unhas obrigas e un respecto do mobiliario e do propio edificio, polo que continuaremos a denunciar aqueles actos impropios de persoas civilizadas e responsables que non son capaces de coidar o público tanto coma os seus propios bens.

Por último, pedimos dende esta Área un pouco máis de vixiancia por parte das coidadoras de comedor cando entran no pavillón cos rapaces/zas os días de choiva. Habitualmente quedan os baños excesivamente sucios e o pavillón estragado de papeis e chaquetas que ninguén recolle.

## Memoria de educación musical

Durante este curso escolar as clases de música foron impartidas por Xoaquín Freixeiro que asumiu as clases de primaria agás 6ºA, e Miguel Ángel Remigio que impartiu as súas clases en ensino infantil e máis a aula de 6ºA en primaria.

O máis salientable do curso foi o traslado de aula froito da remodelación do colexio polas obras de ampliación. O espazo que en cursos anteriores ocupaba a nosa aula incorporouse á biblioteca que ampliou a súa superficie, mentres que a aula de música pasou ao primeiro andar do colexio, nun espazo onde convive coa aula de lingua estranxeira e a de informática, xusto enriba das aulas de infantil.

O novo espazo, ata o ano pasado ocupado por unha aula convencional, non está adaptado para o desenvolvemento da actividade musical. Preocúpanos molestar aos compañeiros da aula de inglés e de infantil, xa que a nosa actividade resulta cando menos estentórea.

Tampouco temos o chan illado, como sucedía na aula antiga, o que impide, sobre todo no inverno, realizar actividades no chan por mor do frío.

Como detalle positivo a dotación da aula con cadeiras de pa, que aforran moito espazo na aula e permiten dispormos do centro da aula para a realización de orquestracións, bailes ou xogos rítmicos sen problemas de choques contra mobles, aperturas, etc...

Cumpriría de cara ao curso que vén tratar de illar o chan cun material similar ao da aula anterior, e insonorizar a aula para minimizar as molestias que poidamos ocasionar coa nosa actividade aos compañeiros da aula de inglés.

Noutro orde de cousas mercouse unha maleta de percusión para o seu uso nas aulas de infantil. Tiñamos a intención de mercar un metalófono baixo para a dotación da aula, pero o seu prezo elevado e a necesidade de acometer a compra a distancia, sen probar o instrumento, fíxonos desistir. Con todo, e de cara a anos vindeiros, deberíase realizar a adquisición ou a dotación vía administración educativa, deste material.

Tamén haberá que renovar instrumentos de parche, moi deteriorados polo uso, como é o caso das pandeiretas coas que contamos.

## Memoria de lingua inglesa

Durante o curso escolar 2008-2009 impartíronse clases de inglés desde educación infantil de 3 anos ata 6º curso do ensino primario. Houbo dous profesores/as adicados á área de lingua inglesa:

Nuria Brandín Pérez , que se encargou de educación infantil de 3 anos A e B; 4 anos A e B e 5 anos A e B; e 1º A e B ,2º A e B, 3º A e 3º B de Educación Primaria.

Manuel Francisco Gómez Vidal, que atendeu a 4ºA, 4ºB,5ºA e 5ºB, 6ºA , 6ºB e 6º C. Os dous profesores de Educación Primaria estiveron de baixa durante dúas semanas do curso en distintos períodos, mandando Delegación os/as substitutos/as oportunos.

Na memoria desta área dedicarase un apartado específico para o proxecto de anticipación e outro para os cursos que pertencen ao tramo obrigatorio (1º a 6º de Primaria).

### Tramo obrigatorio

Establecéronse as sesións semanais que indica a lei: dúas sesións no 1º ciclo de Primaria e tres sesións nos outros dous ciclos.

Como libro de texto utilizáronse:

1º ciclo: *Surprise 1 e 2 de Oxford University Press*

2º ciclo: *Surprise 3 e 4 de Oxford University Press*

3º ciclo: *Galaxy 5 e 6 de Oxford University Press*

Realizáronse actividades do seguinte tipo: readings, listenings, speakings, *worksheets*, traballo escrito e dramatizacións nas que se representaban os papeis das personaxes das historietas do libro, visionado de DVDs, aprendizaxe de cancións, actividades na pizarra dixital, actividades no ordenador, actividades cos libros en lingua inglesa da biblioteca de aula e da biblioteca do centro...

En canto o método seguido polo alumnado de 1º e 2º ciclo, podemos dicir que, en xeral, aos nenos/as gustoulles este método de traballo, así como as actividades, cancións, xogos, páxina web, dvd, cd rom... que acompañan ás unidades didácticas.

O profesorado desta área tamén está contento co método posto que ofrece actividades e recursos que resultan motivantes para o alumnado, atende os distintos ritmos de aprendizaxe ofrecendo tarefas con distintos graos de dificultade e permite traballar dun xeito adecuado cara a adquisición das competencias básicas.

Sen embargo o método do 3º ciclo parécenos un pouco desfasado, polo que optamos por un cambio para o vindeiro curso. Darémoslle continuidade ao método seguido no primeiro e segundo ciclo que, como xa dixemos, presta maior atención ao uso das tecnoloxías de información e comunicación e propón tarefas máis axeitadas para conseguir que o alumnado acade unha boa competencia nesta area.

A metodoloxía utilizada é lúdica e parte dos intereses dos nenos/as. O proxecto no seu conxunto pon a énfase nas situacións comunicativas nas que se debe dar respostas verbais breves ou completas de forma controlada. Os aspectos lúdicos, humorísticos e divertidos (ex. o uso dos cómics, e dos xogos) que contribúen a que os nenos/as aprendan en situacións próximas ao seu mundo real tivéronse en conta e incluíronse co fin de conseguir que aprender inglés sexa unha experiencia interesante e construtiva.

Os contidos presentáronse de forma contextualizada co fin de propiciar situacións de aprendizaxe significativa. Tráballouse a partir de contextos (historietas, cancións, textos con grande apoio visual etc.) cos que os alumnos/as xa estaban familiarizados. A creación de situacións de aprendizaxe significativa tamén se viu reforzada polo uso de ilustracións que axudan a entender os significados novos.

Pretendeuse desenvolver a competencia comunicativa nos alumnos/as a través de actividades nas que a linguaxe se utiliza con propósitos ou finalidades concretas: intercambio de información persoal, resolver problemas, cantar, etc.

As destrezas de comprensión e expresión, tanto orais coma escritas, desenvolvéronse de forma integrada favorecendo deste modo a adquisición/aprendizaxe de habilidades esenciais para comunicar en lingua estranxeira e contribuíndo ao desenvolvemento de capacidades que se especifican nos obxectivos xerais da área para esta Etapa.

En xeral O Equipo de Area de Primaria realiza unha valoración positiva en canto á consecución dos obxectivos e contidos por parte do alumnado. Na meirande parte dos casos acadáronse os obxectivos referentes ao coñecemento da lingua estranxeira contemplados na programación, a pesares de que no terceiro trimestre, debido á saturación de actividades extraescolares e as excursións, dispuxemos de moi poucas horas lectivas.

Hai que resaltar que nos distintos ciclos houbo casos de nenos/as que debido as súas características necesitaron dunha atención individualizada e materiais específicos. Nestes casos non se acadaron os obxectivos mínimos programados para o curso, pero si houbo unha evolución positiva dentro das súas posibilidades.

No curso actual volveu haber Aula de Lingua Inglesa, queremos facer constar as vantaxes derivadas de poder gozar dunha aula propia para inglés.

Sen embargo, seguimos insistindo na necesidade de dotar á aula de música da insonorización adecuada, posto que o desenvolvemento das clases desta materia interfere co desenvolvemento da clase de inglés. Hai que ter en conta que na clase de música os nenos cantan, bailan e tocan instrumentos. Na clase de inglés tamén se reproducen vídeos, DVDs e cancións que poden molestar aos demais. Especialmente incidir na dificultade de realizar os listenins cando hai ruído do exterior.

Ademais, aparte de insonorizar a Aula de Música, sería conveniente recubrir a Aula de Inglés de cortizo co fin de evitar que se produzan reverberacións que impidan que o alumnado escoite en condicións os *listenings*.

En canto á dotación da aula sería moi conveniente que dispuxera dos medios tecnolóxicos adecuados para levar a cabo a ensinanza da lingua estranxeira (pizarra interactiva, ordenador, canón de vídeo). Entendemos que a dotación de ordenadores para a totalidade do alumnado pode ser difícil polo seu custo económico. Neste caso habería que ter en conta na confección dos horarios da aula de informática, tempos para poder ser utilizada nalgunha das horas de lingua inglesa.

## Proxecto de anticipación

Durante o curso escolar 2008-2009 impartíronse clases de inglés desde educación infantil de 3 anos ata 6º curso do ensino primario. Desenvolveuse, polo tanto, o proxecto de anticipación de lingua inglesa en educación infantil de 3, 4, e 5 anos e en 1º e 2º curso do ensino primario. Como en anos anteriores, optamos dentro do proxecto de anticipación por unha única sesión semanal de entre 45 e 60 minutos de duración para os cursos de Educación Infantil. Tempo que consideramos é o mínimo imprescindible para acadar os obxectivos do programa e para unha máis doada organización no centro. No primeiro ciclo de Educación Primaria os alumnos recibiron dúas sesións semanais.

Houbo unha profesora adicada á área de lingua inglesa:

Nuria Brandín Pérez, que se fixo cargo de Educación Infantil 3 anos A e B, 4 anos A e B e 5 anos A e B ademais de 1ºA, 1ºB, 2º A, 2º B.

Así pois, o proxecto de anticipación de lingua inglesa atendeu un total de 199 alumnos/as distribuídos do seguinte modo:

ENSINO INFANTIL	
3 anos A	16 alumnos/as
3 anos B	17 alumnos/as
4 anos A	17 alumnos/as
4 anos B	18 alumnos/as
5 anos A	20 alumnos/as
5 anos B	19 alumnos/as
ENSINO PRIMARIO	
1º A	25 alumnos/as
1º B	25 alumnos/as
2º A	22 alumnos/as
2º B	20 alumnos/as

Nos cursos de Educación Infantil de 3, 4 e 5 anos os libros utilizados foron Playschool Starter, A e B respectivamente, da editorial Oxford. Estes libros están compostos por fichas que favorecen a adquisición e o achegamento á lingua inglesa nestas idades.

Tamén se fixo uso de material complementario, vídeos e fichas adaptadas, contos, *Big Books*, etc.

A profesora deste tramo educativo, quere deixar constancia de que o centro “Condesa de Fenosa” conta cos materiais adecuados para impartir lingua estranxeira a esta idade temperán, mais sería conveniente solicitar cara a cursos vindeiros algún xogo en inglés adaptado a Infantil, crebacabezas, un ordenador portátil para levar as aulas e ser manipulado polos nenos/as.

Para acadar os obxectivos previstos levouse a cabo unha metodoloxía motivadora e lúdica, partindo sempre dos intereses do alumnado.

*A valoración é moi positiva xa que se acadaron todos os obxectivos mínimos na aprendizaxe da lingua estranxeira.*

Nuria Brandín Pérez impartiu clase no 1º ciclo de Educación Primaria, ademais de nos dous terceiros A e B.

Os libros de texto utilizados foron *Surprise 1, 2 e 3* respectivamente e realizáronse moitas actividades complementarias incluídas no propio método: cancións, xogos coas *flash cards*...

Realizáronse actividades do seguinte tipo: *readings, listenings, speakings*, traballo escrito e dramatizacións nas que se representaban os papeis das personaxes das historietas do libro. Esta última foi a actividade favorita dos nenos/as.

A profesora deste tramo educativo, quere deixar constancia de que considera os materiais utilizados para impartir lingua estranxeira moi axeitados pola súa dispoñibilidade e porque son sinxelos de manexar. Entre estes materiais destaca: as *flashcards*, os cassettes cos *listenings*, os CD's con actividades, os pósters cos que se empapela a aula e os vídeos con historias e situacións cotiás.

En canto á dotación da aula considera que é adecuada e que dispón daqueles materiais imprescindibles para levar a cabo a ensinanza da lingua estranxeira (vídeo, televisor, radiocasette, lector de DVD,...).

No que se refire ós espazos considera preciso a existencia de unha segunda aula dispoñible para a ensinanza da lingua estranxeira, posto que no CEIP “Condesa de Fenosa” con unha cantidade tan alta de alumnos e de grupos, as clases de inglés, tanto en Educación Infantil como nos seis primeiros grupos de Educación Primaria, impartíronse dentro da aula ordinaria dos alumnos. Esta circunstancia dificulta en

gran medida a ensinanza do idioma así como a dispoñibilidade do material.

Hai que destacar tamén que o número de alumnos por aula é moi elevado e sería máis axeitado diminuír este número para atender dun xeito máis eficaz as necesidades educativas e de reforzo que precisan os alumnos. En clases tan numerosas fai falta un profesor de reforzo nas sesións de lingua estranxeira.

Así mesmo fai constar que a sonorización das aulas non é adecuada, posto que se producen reverberacións que impiden que os nenos/as que se sentan na parte traseira entendan ben os *listenings*. Este problema podería emendarse recubriendo as paredes da aula con cortizo.

Debido á eficacia deste programa desexariamos continuar nos vindeiros cursos participando nel.

## Memoria de relixión

### Primeiro Ciclo:

Aprender a valorar a natureza. Utilizáronse debuxos, cancións.  
Valoración do silencio. Aprender as primeiras oracións.  
Cantos de vilancicos en Nadal,

### Segundo Ciclo:

Valorar a Biblia como libro fundamental dos cristiáns.  
Utilizáronse varias sesións para buscar textos bíblicos., se fixeron concursos entre os nenos para ver quen era o máis rápido.  
Destacar que os cristiáns se distinguen por.;o amor - servizo - compartir.  
Inculcar ao alumno o amor á familia.  
Hai alumnos que entorpecen moito a marcha da clase.

### Terceiro Ciclo:

Recoñecer templos relixiosos nas cinco grandes relixións.  
Valores dos premios Nóbel da Paz: Gandhi, Rigoberta Menchú, Nai Teresa de Calcuta e Luther King.  
Valores das parábolas na Biblia: o perdón, a alegría etc..  
Os libros de 5º e 6º de primaria serán da editorial EDELVIVES.

## Memoria equipo de normalización

Tendo en conta o proxecto deseñado para o presente curso, o ENL tentou ser un dinamizador que velara polo cumprimento das actividades propostas, actividades que so se podían levar a cabo grazas á colaboración do resto do claustro e da comunidade educativa en xeral.

As actividades desenvolvéronse durante todo o curso e tentaron subliñar conmemoracións e festividades de interese para a aprendizaxe dos alumnos/as, tendo sempre en conta incentivar neles o uso do Galego e os costumes e tradicións.

As actividades foron as seguintes:

### **Todos os martes conto:**

Seguemos a valorala como positiva por incluír aos alumnos como narradores unha vez que o seu nivel lector llo permite.

### **Vaille co conto ao profe:**

É outra actividade que ten moita acollida entre os alumnos/as que cada recreo acoden á biblioteca para ser escoitados por algún mestre/a.

### **A Olimpíada do saber:**

Realizouse este curso durante o segundo trimestre coa a participación de todo o alumnado de primaria.

### **Os clubs de lectura e lectura silenciosa**

Como sempre motivouse para que os textos e libros escollidos foran en galego.

Continuouse coa edición mensual do boletín “O Barquiño de papel” da Biblioteca do cole e dos “cadernos de pais nais” nos menús do comedor.

### **O corro é galego**

É unha iniciativa que está a dar bos resultados xa que independentemente da liña a seguir no ciclo de infantil, ao final de curso son moitos os alumnos/as que se decantan polo galego para as súas expresións orais na aula.

### **Vendima:**

O comezo de curso coincide coas tarefas de recollida da uva. Nun intento de achegar aos alumnos a esta actividade tradicional elabóranse diversos proxectos e investigacións que enriquecen o seu vocabulario, ao mesmo tempo que lles serve para aportar os coñecementos extraídos da súa experiencia xa que moitos deles teñen a oportunidade de participar nas súas casas. Merece a pena destacar o experimento feito polos alumnos de 5 anos de EI no que esmagaban uvas de distintas clases para obter zume, e representaron o proceso de elaboración do viño na clase co apoio de elementos propios dunha adega feitos en diversos materiais.

Fíxose unha saída á cooperativa do Barco polos alumnos/as de 4º en cumprimento do proxecto que se ven desenvolvendo de coñecer o entorno máis próximo.

### **Magosto:**

Esta data ademais de aproveitarse para a celebración dunha festa popular e tradicional, nun intento de preservala da súa desaparición, nas aulas realizáronse diversos traballos para coñecer a castaña. Realizouse unha saída do 2º curso de primaria a unha nave de elaboración de produtos e exportación da mesma, para ser testemuñas do proceso.

Coincidindo con estas datas participouse nun concurso convocado dende a biblioteca



municipal: “unha xoia de castaña” que consistiu, dunha banda, na elaboración dunha xoia tendo como base unha castaña e empregando como complementos produtos de desfeito, e doutra, a descrición escrita en lingua galega de dita xoia, así como dos seus diferentes usos. Unha alumna de primeiro ciclo do centro foi galardoada co primeiro premio da súa categoría.

### **Samáin:**

Ademais de engalanar o espazo físico do colexio coas cabazas típicas desta data, morcegos, meigas, murais..., engalanamos tamén o virtual colgando diversos contos elaborados polos alumnos/as de xeito individual ou colectivo no blogue da biblioteca do cole.

### **Nadal:**

Convocouse un concurso interno de postais de Nadal cuxo criterio para escoller os gañadores/as era o emprego de motivos tradicionais galegos na súa elaboración, e o uso do idioma galego na redacción do texto co se felicitaba. A gañadora enviouse



como felicitación oficial aos pais, a outros centros e organismos. O xurado estaba composto por alumnos/as e profesores de todos os ciclos, de xeito que cada membro abstíñase de votar aos participantes do seu ciclo.

Realízase, tamén, un festival no que se recita, dramatiza, canta.... en galego diversas adaptacións, composicións de creación propia ou allea para o goce

de toda a comunidade educativa.

### **Entroido**

Para ambientar o colexio e como para preservar a tradición, realizouse unha exposición aberta de máscaras orixinais elaboradas por alumnos de todo o centro a partir de produtos de desfeito, seguindo os principios de sustentabilidade da Axd21, con moi boa acollida en canto á participación e calidade na súa elaboración.

Durante todo o período anterior festéxanse todas as datas sinaladas (xoves de comadres, compadres) e tendo como colofón o desfile polo patio do colexio de comparsas formadas por todos os alumnos/as e profesores.

### **O autobús da lingua**

O 13 de abril os alumnos e alumnas de 5º Curso de Ed. Primaria fixeron unha saída a Alixo. Durante toda a mañá puideron gozar dunha actividade que resultou moi divertida e interesante. Visitaron todos os lugares importantes do pobo: a praza, a antiga escola, a capela e a igrexa...etc. Puidemos saber un pouco máis e de primeira man como era e como é a vida nun pobo do noso Concello. Faláron coas persoas maiores que lles contaron un montón de historias dos tempos nos que a vida no pobo era diferente.... había máis xente, máis nenos e nenas e os costumes eran diferentes ás que estamos acostumados. Aprendemos moitas cousas e pasamos unha mañá especial que resultou moi interesante, tanto para os mestres como para os nenos e nenas.



Onde a Equipa de Normalización tivo

máis protagonismo foi na organización previa da actividade. Escolleuse este pobo de

entre todos os da comarca por ofrecernos máis posibilidades de actividades e poder contar con persoal colaborador. O pai dun alumno de catro anos serviu de enlace entre a Equipa e a xente do pobo, que dende un primeiro momento prestouse a colaborar de moi bo grado. Tamén contamos coa colaboración do párroco do pobo que coincide ser o mestre de relixión do centro, o que nos propiciou unha visita guiada á capela.

A actividade ía organizada dende o colexio do seguinte xeito: os alumnos/as, divididos en grupos pequenos farían un percorrido polo pobo de xeito que cada grupo comezaría por diferentes lugares pero ao final todos verían os sitios de interese. Ao mesmo tempo aproveitaríanse os desprazamentos para investigar e preguntar sobre as cuestións que levaban de antemán.

A preparación previa consistiu en dividir o traballo por membros da equipa asegurando así que ningún tema de interese quedase sen afondar nel. (Xogos-xoguetes, Lendas-contos, Folclore, Costumes-vendima-malla, Construcións-edificios... Logo cada un fixo a sondaxe a un grupo de alumnos/as do cole para sacar as preguntas, que serviron de guía na visita. Para o curso que ven estas investigacións serán a base de catalogación de vocábulos, recollida de lendas, costumes...

### **As Letras Galegas**

A celebración do Día Das Letras Galegas, como ven sendo habitual no centro nos últimos cursos, distribúese durante varios días con diversas actuacións:

- Entrega da revista “Trágame Terra” ( 18 de maio ).
- Como sempre destínase un espazo nun corredor ben visible do centro para facer a exposición do autor homenaxeado deste ano, Ramón Piñeiro.
- Representación dunha obra de teatro polos alumnos/as de 6º curso ( 21 de maio ).
- Recitado de poemas co alumnos/as de todos os niveis ( 21 de maio ).
- Representación dunha canción polos alumnos/as de 1º ( 21 de maio ).
- Baile tradicional galego no pavillón a cargo dos alumnos/as de 3º curso (29 de maio ).
- Caza do tesouro ( 12 de xuño ).

### **Actividades complementarias**

Durante todo o curso leváronse a cabo visitas, saídas e actividades diversas cuxo obxectivo foi o coñecemento do entorno e fomento do uso do galego, ademais das xa mencionadas, Visita á louseira “ Os tres Cuñados” polos alumnos/as de 6º. Xuntanza de Axenda 21 dunha representación de alumnos/as dos coles de Guitiriz, S Estevo de Parga, Casaio e o noso colexio. Convivencia lúdica “XOGACONNOSCO”. Obradoiro “Escola galega de consumo”. Contacontos. Participación nas actividades da Semana da Natureza....

### **Elaboración de paquetes clic en Galego**

Dende a equipa da biblioteca estanse a elaborar paquetes clic con diversas temáticas:

“A castaña”, “O pan”, “ O viño”, “Darwin”, “A astronomía”...

### **A implicación do profesorado**

Como sempre dende o colexio velamos porque as actividades complementarias sexan desenvolvidas en Galego. Doutra banda sinalar a participación na Coordinadora de Escolas Infantís que desexan implantar o Galego como lingua vehicular. Adhesión ao manifesto da coordinadora de ENL

# Memoria actividades extraescolares e complementarias

Un ano máis, a xulgar pola cantidade de actividades extraescolares e complementarias que se veñen de realizar, é evidente a aposta do Claustro de Profesores por estas actividades e a súa indubidable achega á formación dos nos@s alumn@s. Esta é a listaxe das mesmas:

## Concursos

- Concurso XIX Aniversario Convención Dereitos da Infancia, organizado pola Secretaría Xeral de Igualdade para o 3º Ciclo de Primaria.
  - Concurso do Concello do Barco co título: “Unha xoia de castaña”. Tiñamos que elaborar xoias con castañas dos nosos soutos.
  - Concurso da Axenda 21 de Galicia, de deseño de mascotas, lemas e poemas.
  - Concurso da Once sobre integración de discapacitados coa linguaxe Braille como tema central. Participou 3º, 5º e 6º C.
- Participouse coma tódolos anos na proposta de **Vagalume** de contos sobre ¡Valores! ¿Valores?.

Así como no concurso de Educación Viaria que organiza a **Policía Local** da nosa vila.

Tamén no concurso de redacción que organizaba o Concello co gallo da Semana da Natureza e co tema da **Prevención de Incendios Forestais**.

Durante o Segundo Trimestre organizouse no colexio a **Olimpiada do Saber** onde @s nen@s, por grupos, demostraban os seus coñecementos sobre diversos temas. Unha actividade máis de animación á lectura.

## Charlas, actuacións e exposicións

- 4 de novembro: actuación teatral de mímica sobre experimentos científicos realizada por profesores da Univ. de Vigo para 4º, 5º e 6º de Primaria.
- 11 de novembro: representación teatral de Normalización Lingüística no teatro Lauro Olmo para 1º Ciclo de Primaria.
- 26 de novembro: charla Prevención de incendios forestais organizada polo Ministerio de Medio Ambiente para o 3º Ciclo de Primaria.
- 5 de decembro: Presentación do libro dos Bolechas no Concello sobre ‘Recollida selectiva’. Foron 25 alumnos do 1º Ciclo de Primaria.
- 10 de decembro: Campaña de Consumo do Concello do Barco (‘Os Piñeiro’) para 3º e 5º de Primaria.
- 20 de xaneiro: este día o mestre David presentou un novo libro “Na solaina” no Teatro Lauro Olmo do Barco.
- 29 de xaneiro, 5 e 12 de febreiro: Contacontos e inscrición de usuarios na Biblioteca Pública do Barco para os alumnos de Infantil e 1º ciclo de Primaria.
- 5 de febreiro: Teatro sobre incendios forestais organizado pola Concellería de Medio Ambiente. Para 3º e 5º de Primaria.
- 6 de febreiro: Obra de teatro ‘Marco Polo’ para 4º, 5º e 6º de Primaria, no Teatro Lauro Olmo.
- 3 de marzo: Filme de animación sobre residuos e reciclaxe: ‘Glup. Una aventura sin desperdicios’. Para 4º de Primaria.
- 9 de marzo: película animada para 1º, 2º e 3º de Primaria: ‘Descubriendo a los Robinson’.
- 9, 10 e 13 de marzo: Exposición sobre os ‘Ríos de Galicia. Tesouros de vida’,

na Sala de Exposicións de Caixanova. Para Infantil de 4 anos, 5º e 6º de Primaria.

- 17 de marzo: remitimos o compromiso individual dos nosos alumnos referido ao respecto do noso contorno comprometéndose a non danalo.
- 18 de marzo: 'Escenas musicais', actuación musical para os pequenos de Infantil.
- 23 de marzo: Contacontos por Mario Tomás organizado polo Consorcio Editorial Galego para Infantil, primeiro e segundo ciclo.
- 20 de abril: Teatro organizado pola Editorial Edelvives para Infantil e primeiro ciclo de primaria.
- 21 de abril: Teatro organizado pola Editorial Anaya para Infantil e primeiro ciclo de primaria.
- 22 de abril: Teatro de Monicreques " Vaia castaña" para primeiro ciclo de primaria.
- 23 de abril: Teatro para o segundo ciclo de primaria, no Teatro Lauro Olmo.
- 6 de maio: Actuación Grupo Kalandraka para infantil de 5 anos.
- 7 de maio: Excursión de Fin de Curso a Monforte de Lemos polos alumnos/as de primeiro ciclo de primaria.
- 11 e 13 de maio: Charla sobre hábitos saudables para primeiro e segundo de primaria respectivamente.
- 19 de maio: Charla e degustación de produtos do Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia ( CRAEGA) para todo o colexio.
- 19 de maio: Representación Teatral por parte de los alumnos /as de sexto no Teatro "Lauro Olmo".
- 21 de maio: Charlas sobre Inspectores da Natureza para os alumnos/as de primeiro e segundo ciclo de primaria.
- 25 de maio: Obradoiros da Escola Galega de Consumo.



## Celebracións e saídas

**Samáin** (31 outubro): con concurso de relatos de terror, decoración lúgubre de corredores e festa pola tarde con tétricas caras pintadas e terroríficas comidas.

**Cooperativa Vitivinícola Jesús Nazareno** (5 de novembro): visita dos alumnos de 4º Primaria.

**Magosto** (7 de novembro): Coma sempre fíxose no patio do colexio con fogueiras, castañas asadas e caras pintadas de

**Castañas Barredo** (12 de novembro): os alumn@s de 2º de Primaria estiveron visitando as instalacións desta empresa transformadora dun dos produtos agrícolas con maior peso na nosa bisbarra.

**Inauguración Biblioteca Florencio Delgado** (12 de novembro): este día inauguramos a ampliación da biblioteca do noso colexio.



**Día do peón** (14 de novembro): xornada de exaltación dun dos xogos populares infantís con maior arraigamento entre os nosos nenos.

**Campaña Consumo peixe** (19 de novembro): Programa da Consellería de Pesca de fomento do consumo infantil de peixe. Comprende xantar no comedor do colexio con peixe fresco e actividades divulgativas para 3º de Primaria.

**Festival de Nadal** (18 de decembro): en dobre sesión, todos os alumnos do centro pasaron polo escenario do Salón de Actos para representar para toda a Comunidade Educativa as súas obras teatrais, panxoliñas, bailes,...

**Día da Paz** (30 de xaneiro): conmemoramos esta data cunha edición especial do Barquiño de Papel, información no blogue do colexio, coa Operación 1€ pro Palestina (que se lle entregou á Cruz Vermella), mapas murais no corredor do cole coa palabra Paz en múltiples idiomas, as fotos de todos pegadas nas letras de PAZ, Manifesto e cadea humana pasándoo e fin de festa cantando a canción *No dudaría*, de Antonio e Rosario Flores.

**Entroido** (16-20 de febreiro): a semana de Entroido comeza coas Ordes do Meco que este ano foron: 'Algo no pelo', 'día dos complementos', 'Maquillaxe' e 'Todos en Pixama'. Ademais celebramos o Xoves de compadres e comadres, un concurso de máscaras con material de refugallo e, por último, o desfile de comparsas amenizado pola estridente charanga de mestres do cole.



**Autobús da lingua** (13 de marzo): foron os alumnos de 5º á aldea de Alixo para coñecer as súas peculiaridades e enriquecerse coa sabiduría das súas xentes.

**Visita ao punto limpo** (26 de marzo) primeiro curso de primaria.

**Visita ao Taller de Automoción e Rama Sanitaria do IES "Lauro Olmo"** (1 de abril) por parte dos alumnos/as de infantil de 5 anos.

**Visita á Panadería Bibali** segundo A (15 de abril) e segundo B (27 de abril)

**Visita ao Concello do Barco** (17 de abril) por parte dos alumnos/as de primaria.

**Semana da Natureza** (23 de abril) "Xogo do bosque" para primeiro de primaria e "Caderniño de Biodiversidade" para cuarto de primaria.

**Visita a Correos** (28 de abril) por parte dos alumnos/as de terceiro de primaria.

**Visita ao supermercado Eroski** (29 de abril) polos alumnos/as de infantil de tres anos.

**Programa de Educación Viaria** (Semana do 4 ao 7 de maio) para cuartos e sextos de primaria.

**Excursión de Fin de Curso e participación no programa Enrolados** (12 e, 13 e 14 de maio) polos alumnos/as de quinto de primaria.

**Excursión de Fin de Curso de Segundo ciclo de Primaria** (20 de maio) foron á Coruña.

**Semana das Letras Galegas** : 18 de maio, entrega da revista do colexio.

21 de maio, Representación Teatral de sexto de Primaria e baile de primeiro de primaria.

29 de maio Baile Tradicional Galego polos nenos/as de terceiro de primaria.

**Convivencia Lúdico-Deportiva Xogaconnosco** (26 e 27 de maio) con alumnos/as de sexto de primaria de varios colexios das bisbarras de Valdeorras, El Bierzo e Cabrera Baja

**Convivencia de Infantil** (28 de maio) con alumnos de Ensino Infantil de varias Bisbarras do oriente Ourenán. Este ano desenvolveuse na localidade de Montederramo.

**Xuntanza de Centros con Axenda 21** (28 de maio) desenvolveuse no noso centro coa participación dos colexios de Guitiriz , a Fonsagrada, Casaio e Condesa de Fenosa.

**Excursión de Fin de Curso de sexto de primaria** (1,2 e 3 de xuño) a Gandarío (A Coruña).

**Visita a Pizarras Tres Cuñados** ( 12 de xuño) polos alumnos/as de sexto de primaria.

**Libro-Fórum co escritor Xosé Manuel Ribadulla** (15 de xuño) sobre o libro “ Os Piratas da Illa da Esperanza”.

**Visita ao Parque de Bombeiros** ( 17 de xuño) polos alumnos/as de infantil de catro anos.

**Festa de Graduación de Infantil de cinco anos** ( 18 de xuño).

**Festa de Fin de Curso** ( 19 de xuño) organizada no patio do colexio pola ANPA do centro.



## Memoria de comedor

O persoal encargado da atención e funcionamento do Comedor do C.E.I.,.P. "Condessa de Fenosa" estivo integrado por:

- O **director** do centro, Francisco Pérez Lemos, que supervisou o funcionamento.
- A **encargada de comedor**, Natalia Longo González.
- O **persoal laboral** composto por unha cociñeira e tres axudantes, que se ocupou da elaboración de comidas en base aos menús..
- **Persoal de atención e vixilancia**: integrado por persoas propostas polo director do centro nas condicións e número esixido segundo o número de comensais.
- **Monitores especializados** para levar a cabo as actividades extra escolares ofertadas pola A.N.P.A.
- **Alumnado de 5º e 6º** de primaria, usuario do comedor como axudante, en razón do carácter educativo do servizo de comedor escolar.

O funcionamento do Comedor escolar seguiu as pautas marcadas no Plan de funcionamento, elaborado este curso, baseado no **Decreto 10/2007, do 25 de Xaneiro**, polo que se regula o funcionamento dos Comedores escolares nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

O Servizo de Comedor Escolar funcionou desde o 11 de setembro ata o 22 de xuño. Este curso no Comedor Escolar comeron un total de trescentos cincuenta e sete alumnos/as, dos cales cento cincuenta son transportados e os demais do Barco.

Como poñen de relevo os datos anteriores, o número de usuarios alcanzou unha cota superior ao seu nivel de ocupación. Como causas principais deste feito se atopan: a incorporación do alumnado de tres anos como comensal de Comedor e a gratuidade do comedor para a meirande parte dos usuarios.

Estes feitos fan imposible que se poidan aceptar solicitudes novas cara ao curso que ven posto que non hai prazas. Si este ano se lle deu cabida ao alumnado foi porque se mantivo unha aula, habilitada temporalmente para usala como Comedor.

Cara aos cursos seguintes haberá que ir axustando o número de usuarios ás prazas coas que contamos no Comedor grande, pois esta aula volverá a recuperarse para a súa función orixinal.

Os labores de atención educativa, coidado e vixilancia dos nenos/as de Comedor pasaron a realizarse por dez coidadores.

Ademais, durante o tempo da comida, as dúas auxiliares técnicas educativas axudaron na atención dos nenos/as que están ao seu cargo.

Todo o alumnado comeu nunha única quenda en torno ás 13:30, despois de deixarlle uns minutos para lavar as mans e utilizar o servizo. Unicamente os alumnos/as de 5º e 6º, que axudan a servir as mesas, comían posteriormente ao mesmo tempo que o profesorado.

Despois da comida os nenos/as contaban con tempo libre que ben podían dedicar ao xogo libre ou ben a actividades que se lles ofertan como biblioteca, vídeo e outras actividades extraescolares xestionadas pola A.N.P.A..

Naqueles días que o tempo non o permitiu os nenos/as fixeron o recreo de comedor dentro do pavillón cuberto.

Outra novidade é a implantación do APPC (Análise de perigos e Control de Puntos Críticos) do Comedor Escolar do Centro. A implantación da mesma foi satisfactoria, especialmente pola colaboración e implicación amosada neste tema polo persoal laboral da cociña.

## Balance dos obxectivos

En termos xerais o balance dos obxectivos é satisfactorio.

Consegiuse ofertar un menú san e equilibrado, que incluía alimentos de todos os grupos, así como ter en conta factores culturais da nosa comunidade.

A aceptación deste polo alumnado usuario é moi positiva. Os nenos/as están moi concienciados de que deben comer un pouco de todo e non acostuma haber problemas. Aceptan de mellor grao os novos alimentos, así como peixes e hortalizas. Sen embargo cos nenos/as que comezan novos no comedor hai que “pelexar” moito, pois, en xeral, están pouco habituados a comer froitas, legumes e verduras. Incluso entre os máis pequenos, dánse casos de usuarios que só comen triturado ou seguen tomando biberón, o que dificulta a promoción duns hábitos alimentarios adecuados.

Neste aspecto sería conveniente contar con máis axudas das familias que deben continuar na casa o labor realizado no Comedor Escolar.

Ao longo do curso potenciáronse durante os tres trimestres o traballo de determinadas normas. Fundamentalmente: deixar a mesa ben recollida, utilizar ben os cubertos, lavar as mans previamente á comida e falar en voz baixa. Neste aspecto hai que seguir incidindo e non relaxarse, posto que é o punto onde se seguen a obter peores resultados.

Debemos ter en conta que é un comedor moi numeroso o que dificulta a completa consecución deste obxectivo.

A colocación dos nenos/as e das mesas permite un maior aproveitamento da sala e maior comodidade para que o alumnado que serve chegue con máis facilidade a todos os puntos.

Os alumnos/as de ensino Infantil agrupáronse no “comedor pequeno”. O alumnado de primaria sentouse nas distintas mesas. Deste xeito os nenos/as maiores axudaban aos máis pequenos.

Os nenos/as con alerxias a certos alimentos ocuparon unha mesma mesa do comedor para evitar “despistes” á hora de comer os alimentos aos que lle teñen alerxia.

En canto ao persoal colaborador, repartíronse as mesas ao seu coidado por sectores, de xeito que cada persoa se fixo cargo dun número determinado de mesas asignado previamente. Esta organización segue a resultar máis eficaz.

Durante o curso realizáronse diversas reunións co fin de lembrar as normas de comedor e atallar aqueles aspectos nos que era conveniente incidir.

Hai que salientar as melloras acadadas no traballo dos obxectivos de promocionar entre os nenos/as hábitos adecuados en torno ao servizo e manipulación hixiénica dos alimentos; promocionar hábitos de saúde bucodental, como é non inxerir lambetadas ao remate da comida; fomentar o coñecemento dos alimentos, das propiedades nutritivas dos mesmos e das conveniencias máis saudables en canto a súa combinación e métodos de cociñado.

Durante este curso o centro seguiu participando no Programa Educativo 5 ao día pertencente á Campaña de Promoción do Consumo de Froitas e Hortalizas Frescas no Mercado Interior. A valoración da participación na mesma é positiva, sobre todo no aspecto de concienciar aos nenos/as da importancia de consumir froitas e verduras. Este ano non se recibiu a revista do programa, polo que non se puido repartir todos os días cinco de cada mes.

De todos os xeitos, aínda queda moito labor por facer para converter nunha realidade o cambio de hábitos que permita aumentar o consumo diario de ao menos 5 racións de froitas e hortalizas frescas, tanto entre os usuarios do comedor como nas súas familias.

Tamén participouse na Campaña “Uhhh...peixe”. Grazas á mesma comeuse un día

peixe fresco e o alumnado de 4º tivo unha charla na que se lle ensinaban as bondades do peixe e como debe comerse.

Resaltar a colaboración dun pediatra da zona na realización das minutas de comedor e dos cadernos informativos para pais e nais. Consideramos esta iniciativa moi positiva e beneficiosa para os usuarios do noso comedor escolar.

Así mesmo valorar positivamente os cadernos de pais e nais, que seguen a ser a nosa mellor ferramenta para divulgar hábitos alimenticios entre as familias e para comunicarlle as normas, información sobre minutas e novidades producidas no comedor.

O menú escolar tamén está colgado na páxina web co fin de conseguir unha maior difusión do mesmo.

Segue quedando pendente para o curso que ven a realización dun simulacro de incendio na hora da comida. Iniciativa que nos parece moi interesante e conveniente. Sería bo contar coa colaboración do Concello neste aspecto.

Un dos obxectivos primordiais do Comedor Escolar deste Centro é proporcionar a toda a Comunidade Educativa un servizo básico e cotián que facilite a conveniencia do traballo diario das familias. Durante este curso foi posible dar este servizo, con gran satisfacción por parte da comunidade educativa deste centro, pero o certo é que cada vez resulta máis difícil poder atender a totalidade das demandas, posto que estas superan a capacidade do Comedor.

En canto ás instalacións do Comedor e mantemento das mesmas realizáronse algunhas melloras e outras están en marcha cara o seguinte curso:

**Melloras realizadas:**

- Recambio da cociña.
- Recambio da marmita.
- Recambio da peladora.
- Recambio das pezas da vaixela que o necesitaban e do enxoval de cociña.
- Colocación máis axeitada do aparato eléctrico para as moscas da cociña.
- Desratización e desinsectación do comedor e cociña por parte da empresa contratada polo Concello.
- Pintado das paredes e portas.
- Compra dun carro pechado para almacenar o enxoval.
- Arranxo da cámara fría.
- Arranxo da mesa quente.
- Arranxo dos lavalouzas.
- Colocación dos dosificadores do lavalouzas.
- Recambio dos mosquiteiros do comedor.

**Melloras por realizar:**

- Colocación do protector da luz nun almacén
- Reposto dos manteis deteriorados durante o curso.
- Desratización e desinsectación do comedor e cociña por parte da empresa contratada polo Concello a principio de curso.